

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.3. Asuntos económicos e contratación

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 4 de agosto de 2016, polo que se inicia o procedemento e se aproban os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a prestación dos servizos de telefonía e acceso á Internet e para a subministración de electrónica de rede para a Administración do Parlamento de Galicia

Por Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 4 de agosto de 2016 iniciouse a tramitación da contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a prestación dos servizos de telefonía e acceso á Internet e para a subministración de electrónica de rede para a Administración do Parlamento de Galicia

Nesa mesma data a Mesa da Cámara aprobou os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexen o procedemento, e que se insiren a continuación.

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2016.

Marta Rodríguez Arias

Vicepresidenta 1ª

Prego de cláusulas administrativas particulares da contratación administrativa dos servizos de telefonía e acceso á Internet e a subministración de electrónica de rede para a Administración do Parlamento de Galicia mediante procedemento aberto

Primeira. *Obxecto do contrato e réxime xurídico*

1. O obxecto e as necesidades que se pretenden satisfacer con este contrato descríbense no punto 1 do cadro de especificacións, no que tamén constará a codificación correspondente á nomenclatura Vocabulario común de contratos (CPV) da Comisión Europea e á Clasificación de produtos por actividades (CPA-2008) segundo o Regulamento (CE) núm. 451/2008, do 23 de abril.

2. Este contrato ten carácter administrativo e rexerase polo establecido neste prego; no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro (en adiante TRLCSP); no Real decreto 817/2009, do 8 de maio, que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e, en canto non estea derogado, no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en adiante RXLCAP).

No que non estea previsto neste prego de cláusulas administrativas, as dúas partes sométense expresamente ao disposto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público e mais nas súas disposicións complementarias.

O prego de prescricións técnicas no que se describen as características do servizo que haberá que prestar revestirá carácter contractual, polo que deberá ser asinado asemade en proba da súa conformidade polo adxudicatario na formalización do contrato.

No caso de discordancia entre este prego e calquera restante documento contractual prevalecerá o prego de cláusulas administrativas particulares.

3. Unicamente se admitirá a presentación de variantes cando así se estableza no punto 4 do cadro de especificacións.

No suposto de que se admitan, os licitadores poderán introducir na súa proposición variantes ou alternativas que incorporen solucións alternativas ás definidas nas prescricións técnicas, nos termos establecidos no punto 4 do cadro de especificacións.

Segunda. *Orzamento de licitación e existencia de crédito*

1. O orzamento de licitación máximo é o establecido no punto 5 do cadro de especificacións.

Para todos os efectos entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden o imposto sobre o valor engadido -IVE- (que figurará como partida independente) e demais tributos que lle sexan aplicables segundo as disposicións vixentes.

2. A partida orzamentaria en que se garante que existe crédito axeitado e suficiente e con cargo á cal será financiado o contrato será a establecida no punto 6 do cadro de especificacións.

3. A forma de pagamento será a establecida no punto 7 do cadro de especificacións.

Terceira. *Duración do contrato e revisión de prezos*

1. A duración do contrato será a establecida no punto 8 do cadro de especificacións.

O punto 9 do cadro de especificacións poderá recoller a posibilidade e, en tal caso, as condicións da prórroga deste contrato.

2. O prezo de adxudicación poderá ser obxecto de revisión sempre que así se determine no punto 10 do cadro de especificacións, consonte o establecido nos artigos 89 a 94 do TRLCSP.

Cuarta. Forma e procedemento de adxudicación do contrato

Este contrato adxudicarase por procedemento aberto, consonte o disposto nos artigos 138, 150 e 157 ao 161 do TRLCSP.

Quinta. Capacidade para contratar

1. Poderanse presentar a esta contratación e formular as conseguíntes proposicións, con suxeición ás cláusulas deste prego e ao de prescricións técnicas, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean comprendidas nalgunha das circunstancias enumeradas no artigo 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica e financeira, así como técnica ou profesional.

Poderanse presentar unións temporais de empresarios, nos termos do artigo 59 do TRLCSP.

As empresas estranxeiras non comunitarias ateranse ao disposto no artigo 55 do TRLCSP.

2. As empresas que poden participar na contratación serán aquelas que, polo seu obxecto social e pola súa actividade mercantil, teñan relación directa co obxecto do contrato, á vista dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais abondos para unha debida execución das prestacións exixidas.

Sexta. Documentación e contido

Quen licite non poderá presentar máis dunha proposición, agás o disposto no artigo 147 do TRLCSP, nin poderá subscribir ningunha proposta e unión temporal de empresas con outros de o ter feito individualmente, nin tampouco figurar en máis dunha unión temporal de empresas.

No caso de que o obxecto do contrato este dividido en lotes, os licitadores poderán presentar proposicións para todos os lotes ou só para algún deles, pero non poderá presentar máis dunha proposición para cada lote.

A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas presentadas.

O licitador formulará a súa proposición en sobres pechados e asinados, nos que indicará, en cada un deles, o nome ou a razón social da entidade, o título do obxecto da contratación e, se é o caso, o lote ou os lotes aos que presenta oferta, así como o número do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma.

Para os efectos do disposto no artigo 140 do TRLCSP, quen licite deberá manifestar de forma explícita que información incluída na súa oferta ten carácter confidencial.

Os licitadores poderán solicitar, por medios electrónicos, as aclaracións que estimen pertinentes sobre o contido dos pregos e a documentación complementaria ata o mesmo día de remate do prazo para presentar ofertas. A Administración responderá, dentro do prazo para presentar ofertas, no tempo máis breve posible.

A) Sobre A: «Capacidade para contratar e solvencia económica e financeira, así como solvencia técnica e profesional dos licitadores».

Dentro deste sobre incluírase, pola orde que se detalla, a seguinte documentación:

1. Un índice dos documentos incluídos no sobre.

2. O documento ou os documentos que acrediten a capacidade de obrar do empresario, mediante a presentación, de a empresa ser persoa xurídica, da escritura ou do documento de constitución ou modificación, inscrita no rexistro mercantil, cando este requisito for exigible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. De non o ser, acreditarase mediante a escritura ou o documento da constitución, a modificación, os estatutos ou o acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda, segundo a persoa xurídica de que se trate.

De se tratar de empresarios non españois de estados membros da Unión Europea, acreditarase a súa capacidade de obrar pola súa inscrición no rexistro procedente segundo a lexislación do Estado onde estea establecido ou a presentación dunha declaración xurada ou certificado nos termos que se indican no anexo I do RXLCAP.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe da misión diplomática permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular do ámbito territorial onde radique o domicilio da empresa. No caso de contrato suxeito a regulación harmonizada prescindirase do informe de reciprocidade en relación coas empresas de estados signatarios do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial de Comercio, consonte o disposto no artigo 55 do TRLCSP.

No caso de persoas naturais, a personalidade acreditarase mediante a presentación do documento nacional de identidade (DNI) ou do documento que, se é o caso, o substitúa legalmente.

3. Cando quen asine a proposición non actúe en nome propio ou se trate de sociedades ou persoas xurídicas, deberá achegar o poder de representación, inscrito no rexistro mercantil, se é o caso, e con verificación de suficiencia por un letrado dos Servizos Xurídicos da Cámara. Deberase incluír copia do DNI e da tarxeta do número de identificación fiscal –NIF– de quen asine a proposición.

4. A declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración do artigo 60 do TRLCSP, que incluírá a manifestación do artigo 146.1.c) do TRLCSP.

5. A solvencia económica e financeira do empresario exixida para este contrato será a establecida no punto 11 do cadro de especificacións.

6. A solvencia técnica e profesional do empresario exixida para este contrato será a establecida no punto 12 do cadro de especificacións.

7. Ao abeiro do artigo 65.1.b) do TRLCSP, no punto 13 do cadro de especificacións poderase establecer a clasificación con que os licitadores poderán alternativamente, en substitución da solvencia económica e financeira así como técnica e profesional das alíneas anteriores, acreditar a súa solvencia.

8. Porén, poderase establecer no punto 14 do cadro de especificacións que a acreditación da solvencia exixida non exime a quen licite de achegar o compromiso de dedicar ou adscribir ao contrato os medios persoais e materiais abondos para a súa execución, nos termos que se establezan, o cal deberá achegarse en todo caso.

De acordo co previsto no artigo 64.2 do TRLCSP, á marxe de acreditar a solvencia requirida, os licitadores deberán asumir o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente; medios que, a xuízo do órgano de contratación, deberán cumprir os requisitos establecidos no cadro de especificacións.

Neste caso, a categoría profesional e o nivel de coñecementos técnicos exixidos no prego de prescricións técnicas terán o carácter de obrigas contractuais esenciais. A falsidade nas acreditacións profesionais e no nivel de coñecementos técnicos do persoal ofertado, deducida do contraste entre a oferta técnica e os coñecementos reais demostrados na execución dos traballos, implicará asumir responsabilidades fronte á Administración parlamentaria e será causa da resolución do contrato, consonte o establecido no artigo 223.f) do TRLCSP.

9. Se é o caso, o xustificante de ter constituída a garantía provisional polo importe de ata o 3 por cento do orzamento máximo de licitación sinalado no punto 5 do cadro de especificacións, e en calquera das formas previstas no artigo 103 do TRLCSP e nos artigos 56, 57 e 58 do RXLCAP.

10. No caso de que quen licite sexa unha unión de empresas, haberá que aterse ao disposto no artigo 59 do TRLCSP.

Así mesmo, deberase presentar un documento subscrito por cada representante das empresas asociadas no que se comprometan, de resultaren adxudicatarias, a constituírse en unión de empresarios, se aínda non se constituísen.

11. As empresas estranxeiras achegarán declaración expresa de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois en calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poida xurdir do contrato, con renuncia expresa, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que poida corresponderlle ao licitador.

12. A inscrición vixente no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma eximirá os licitadores de presentaren a documentación das alíneas 2, 3 e 4, sen prexuízo da obriga do contratista de achegar declaración responsable na que manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación. Para os efectos da acreditación da inscrición vixente no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, quen licite fará constar no exterior do sobre o número do rexistro que lle corresponda. A Administración do Parlamento incorporará de oficio o dito certificado ao expediente, logo de llo solicitar telematicamente ao Rexistro Oficial de Contratistas de Galicia.

O licitador que presente a oferta económica máis vantaxosa deberá reiterar, antes da adxudicación do contrato, a manifestación de que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

13. De ser o caso, e sempre que o punto 15 do cadro de especificacións o permita, a indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

14. De ser o caso, o enderezo de correo electrónico no que se poden facer as notificacións derivadas do procedemento, segundo o modelo que se insire como anexo I.

15. Para os efectos do establecido na cláusula décima, para o suposto de que dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, a acreditación da porcentaxe, en relación co total da empresa, de traballadores fixos con discapacidade superior ao 2 por cento.

16. Deberanse presentar orixinais de todos os documentos anteriores ou as súas copias debidamente autenticadas.

17. Quen licite poderá substituír a presentación dos documentos das alíneas 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 11 pola declaración responsable, segundo o modelo que se inclúe como anexo II, na que se indicará que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar.

Tamén se poderá substituír a presentación da documentación das alíneas 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 11 pola presentación do Documento europeo único de contratación (DEUC). A estes efectos o Parlamento de Galicia facilitará aos licitadores a través do perfil de contratante (http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/contenidogal/informacioninstitucional/Perfil_Contratacion.aspx), un documento "xml" que se deberá importar e encher a través da seguinte ligazón: <https://ec.europa.eu/growth/tools-databases/espd/filter>.

No perfil de contratante do Parlamento se poderá obter información adicional sobre o Documento europeo único de contratación

En todo caso, de presentar declaración responsable do anexo II ou o Documento europeo único de contratación, o licitador en cuxo favor se faga a correspondente proposta de adxudicación deberá acreditar, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos exixidos. En todo caso, o Parlamento de Galicia poderá requirir, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen a dita documentación acreditativa.

18. Quen licite deberá incluír toda a documentación requirida neste sobre en formato papel e en formato electrónico (cedé, devedé, lapis de memoria...).

B) Sobre B: «Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor».

Quen licite deberá incluír neste sobre, en formato papel e en formato electrónico (cedé, devedé, lapis de memoria...), a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas, os detalles ou as precisións que considere convenientes para a mellor realización da prestación obxecto da contratación, así como a documentación que permita a valoración dos criterios de adxudicación establecidos no punto 16 do cadro de especificacións suxeitos a xuízos de valor, por non seren avaliábeis por fórmulas, escalas ou porcentaxes.

En todo caso, deberá conter a documentación exixida no punto 17 do cadro de especificacións.

Neste sobre B non se poderá incluír información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que estes acadarían baseándose nos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas, a cal debe incluírse no sobre C.

O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar á súa exclusión automática do procedemento de adxudicación.

C) Sobre C: «Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas».

1. Quen licite deberá incluír neste sobre, en formato papel e en formato electrónico (cedé, devedé, lapis de memoria...), a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración dos criterios de adxudicación avaliábeis mediante a aplicación automática das fórmulas, escalas ou porcentaxes establecidas no punto 16 do cadro de especificacións.

En todo caso, deberá conter a documentación exixida no punto 18 do cadro de especificacións.

2. O importe da proposición non poderá superar o orzamento de licitación establecido no cadro de especificacións.

Sétima. Anuncio da licitación e presentación de proposicións

1. As proposicións presentaranse no Rexistro do Parlamento de Galicia, rúa do Hórreo, s/n, 15701 Santiago de Compostela, dentro do prazo sinalado no anuncio de licitación que se publicará no Diario Oficial Oficial da Unión Europea e no Boletín Oficial do Estado.

2. Conforme o establecido nas Normas para a utilización dunha plataforma electrónica na contratación pública do Parlamento de Galicia (BOPG nº 170, do 2 de outubro de 2013, modificadas por Acordo da Mesa do 2 de decembro de 2013, BOPG nº 209, do 5 de decembro de 2013), poderán presentar alternativamente as súas proposicións a través da Plataforma electrónica de contratación ata o día en que finaliza o prazo para a presentación de ofertas.

No Perfil de contratante do Parlamento de Galicia existe un enlace directo coa plataforma (<https://licitacion.parlamentodegalicia.gal/>).

Os licitadores deberán asinar a oferta e todos os documentos asociados a ela con sinatura electrónica recoñecida, validamente emitida por un prestador de servizos de certificación, que garanta a identidade e integridade do documento, de conformidade coa Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

A documentación deberase achegar en formato PDF ou similar non editable. O incumprimento desta exigencia determinará a exclusión do licitador do procedemento de contratación.

Se a documentación que se achegue for xerada por unha entidade ou organismo diferente do licitador, deberá incluír o código de verificación que permita por parte da Mesa de Contratación a consulta electrónica directa do documento na sede electrónica ou no portal da entidade ou organismo que xerou o dito documento. No seu defecto, a documentación proporcionada debe cumprir cos requisitos necesarios que garantan a súa eficacia e validez de acordo co sinalado na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Unha vez presentada unha oferta a través da plataforma electrónica xerarase un recibo electrónico que garantirá a data, a hora e o contido da proposición. Todas as proposicións recibidas electronicamente a través da plataforma electrónica serán custodiadas e encriptadas sen posibilidade de acceder ao seu contido ata que se constitúa a Mesa de Contratación e se proceda á apertura delas conforme a normativa correspondente.

Non se poderá presentar máis ca unha proposición, ou ben en formato papel, ou ben en formato electrónico. A presentación de dúas proposicións implicará a exclusión do licitador do procedemento de contratación.

3. As proposicións tamén poderán ser enviadas por correo dentro do prazo de admisión sinalado nos anuncios de licitación. Neste caso, os licitadores deberán xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos (é requisito indispensable que se trate dunha oficina de correos prestadora do servizo postal universal) e anunciarlle ao Parlamento a remisión da oferta mediante fax ou telegrama nese mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición de ser recibida polo Parlamento con posterioridade á data do remate do prazo de recepción de proposicións sinalado no anuncio. Con todo, despois do transcurso de dez días naturais seguintes á indicada data sen que se recibise a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

4. A presentación da oferta presupón que o interesado acepta de modo incondicional as cláusulas deste prego.

Oitava. Garantías

1. En atención ás circunstancias concorrentes no contrato, poderase exixir para participar na contratación, segundo o establecido no punto 19 do cadro de especificacións, a constitución dunha garantía provisional, nas formas e nos termos establecidos no artigo 103 do TRLCSP.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e seralles devolta aos licitadores logo da adxudicación do contrato, non sendo a do licitador cuxa proposición fose seleccionada para a adxudicación como economicamente máis vantaxosa, a cal será retida ata que proceda á constitución da garantía definitiva.

A garantía provisional poderalles ser incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

2. O licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír a garantía definitiva, polo importe establecido no punto 20 do cadro de especificacións, no prazo de dez días hábiles, que se contará desde o seguinte ao da recepción do requirimento da documentación da alínea 7 da cláusula décimo primeira. No caso de tramitación urxente este prazo reducirase a cinco días.

A garantía definitiva devolverase ou cancelarse consonte o disposto no artigo 102 do TRLCSP, en todo caso, logo de transcorrido o prazo de garantía do servizo.

3. Poderase exixir no punto 21 do cadro de especificacións a constitución de garantía complementaria.

4. As garantías poderanse prestar por algún dos medios regulados no artigo 96 do TRLCSP, e depositaranse ou, se é o caso, acreditarase a súa constitución na Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento.

5. A garantía definitiva e, se é o caso, a garantía complementaria estarán afectas ás responsabilidades enumeradas no artigo 100 do TRLCSP.

6. No caso de se constituír garantía mediante aval, deberase cubrir este segundo o modelo que se achega no anexo III.

7. No caso de que os licitadores fagan uso da facultade que lles concede o artigo 96.3 do TRLCSP, e acrediten a constitución da garantía mediante medios electrónicos, deberán remitirle ao Parlamento o documento orixinal da devandita garantía antes da adxudicación do contrato.

Novena. Mesa de Contratación

A Mesa de Contratación estará composta, de acordo co establecido no artigo 29 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración parlamentaria (BOPG nº 633, do 24 de outubro de 2008), polos membros sinalados no punto 20 do cadro de especificacións. Comunicarase oportunamente no perfil do contratante no caso de se producir substitución por ausencia dalgún membro integrante da Mesa de Contratación.

Décima. Criterios para a valoración das proposicións

1. Teranse en conta para a valoración das proposicións presentadas en relación coa súa selección os criterios establecidos no punto 16 do cadro de especificacións.

2. Criterios de desempate. No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade non inferior ao 2 por cento, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta do TRLCSP.

Décimo primeira. Fases da adxudicación

1. Despois de rematar o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación procederá á apertura e ao exame da documentación incluída nos sobres A. De resultar precisa reparación de erros ou omisións na documentación presentada neste sobre A, a Mesa de Contratación concederá prazo para efectuala antes do acto público do punto seguinte.

2. Posteriormente, en acto público, que terá lugar na data e na hora que se sinalan no punto 23 do cadro de especificacións, abriranse os sobres B das empresas que presentasen a documentación de forma correcta, e procederase conforme o establecido na normativa vixente en materia de contratación.

3. Tamén, en acto público, que terá lugar na data e na hora que se sinalan no punto 23 do cadro de especificacións, abriranse os sobres C das empresas que presentasen a documentación de forma correcta, e procederase conforme o establecido na normativa vixente en materia de contratación.

4. A Mesa de Contratación poderá solicitar antes de formular a súa proposta cantos informes técnicos considere precisos.

5. Unha vez que a Mesa de Contratación realizou a avaliación de todas as proposicións presentadas, efectuará a asignación de puntos segundo os criterios de adxudicación.

6. No caso de que algunha proposición económica incorra en baixa anormal ou desproporcionada consonte o establecido na cláusula décimo segunda, daráselle audiencia ao interesado para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións dela. Poderanse solicitar, se é o caso, os informes técnicos que se consideren necesarios. No caso de que o licitador que presentase a proposición economicamente máis vantaxosa estea incurso en baixa anormal ou desproporcionada poderáselle exixir unha garantía complementaria conforme o establecido no punto 19 do cadro de especificacións.

No caso de considerar que unha oferta non pode ser cumprida como consecuencia dos valores anormais ou desproporcionados, a dita proposición será excluída da clasificación.

7. Ao realizar a avaliación e asignar a puntuación e, se é o caso, aceptar ou descartar as posibles baixas anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación clasificará as ofertas en orde decrecente e requirirá o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, cinco días no caso de tramitación urxente, contados desde o seguinte á recepción do requirimento, presente a seguinte documentación:

a) Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) Certificación de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma galega.

c) Alta, se é o caso, no imposto de actividades económicas, referido ao exercicio corrente, ou o último recibo, completado coa declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do citado imposto.

d) No caso de que o adxudicatario for unha unión de empresas, acreditación desta mediante presentación da escritura de constitución, e NIF asignado á unión.

e) Documento acreditativo de ter constituída a garantía definitiva e, se é o caso, a garantía complementaria, que se depositarán ou, se é o caso, se acreditará a súa constitución na Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento.

f) Xustificación de ter aboados os gastos dos anuncios de licitación.

A presentación dos documentos sinalados nas alíneas a), b) e c) poderase substituír, no caso de licitador con inscrición vixente no Rexistro Oficial de Contratistas de Galicia que fixese constar tal circunstancia no sobre A coa documentación relativa á capacidade para contratar e á solvencia económica, financeira, técnica e profesional, pola manifestación de que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

No caso de que o adxudicatario substituíse no sobre A a documentación administrativa da cláusula sexta pola declaración responsable do anexo II, deberá acreditar neste momento a posesión e a validez dos documentos exixidos.

8. No caso de que o licitador non cumprise adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que retira a súa oferta, e neste caso procederase a solicitarlle a mesma documentación ao seguinte que licitou pola orde en que quedasen clasificadas as respectivas ofertas.

9. Logo de recibir e comprobar a documentación requirida ao licitador máis de que reúne as condicións exixidas para o efecto, a Mesa de Contratación elevaralle á Mesa do Parlamento proposta de adxudicación do contrato ao seu favor.

10. Recibida a proposta da Mesa de Contratación, a Mesa do Parlamento de Galicia acordará a adxudicación do contrato. Ben que a proposta de adxudicación no crea dereito ningún en favor do licitador proposto fronte ao Parlamento, cando a Mesa do Parlamento non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada motivará a súa decisión.

A adxudicación seralles notificada aos licitadores e simultaneamente publicada no Perfil de contratante do Parlamento de Galicia, nos termos do artigo 151.4 do TRLCSP.

11. Poderase declarar deserto o procedemento no caso de non existir oferta ou proposición que sexa admisible conforme os criterios que figuren no cadro de especificacións.

Décimo segunda. *Baixas anormais ou desproporcionadas*

Consideraranse, en principio, anormais ou desproporcionadas as ofertas económicas que se atopen nos seguintes supostos:

1. Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de vinte e cinco unidades porcentuais.

2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de vinte unidades porcentuais á outra oferta.

3. Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de dez unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de dez unidades porcentuais á antedita media.

En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a vinte e cinco unidades porcentuais.

4. Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de dez unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á dita media en máis de dez unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Décimo terceira. *Formalización do contrato*

O correspondente contrato administrativo entenderase perfeccionado coa súa formalización no correspondente documento administrativo, no que non se poderán incluír en ningún caso cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do contrato non poderá realizarse antes dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se remita a notificación da adxudicación a licitador e candidatos.

Engadiranse a este contrato, e pasarán a formar parte del, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares do procedemento de contratación, así como a oferta do licitador que resultase adxudicatario.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se poida formalizar o contrato no prazo sinalado, a Mesa do Parlamento poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso, se exixise, e mais a indemnización dos danos e perdas ocasionados á Administración parlamentaria, e poderase adxudicar a quen licitou deseguido por orde das súas ofertas.

A contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita aos requisitos establecidos no artigo 227 do TRLCSP. Non obstante, no cadro de especificacións poderase determinar a prohibición da subcontratación.

Décimo cuarta. *Gastos e impostos*

Tanto na oferta que formule o licitador coma nos orzamentos de adxudicación entenderanse comprendidos para todos os efectos os gastos e os impostos de toda índole que graven os diversos conceptos, sen que, polo tanto, poida ser repercutido ningún deles como partida independente.

Serán tamén a cargo do adxudicatario o pagamento do importe dos gastos de publicación de anuncios e cantos outros se ocasionen con motivo dos trámites preparatorios e de formalización do contrato, igual que o pagamento de toda clase de tributos estatais e locais.

No cadro de especificacións poderanse enumerar, se é o caso, outros gastos que serán por conta do adxudicatario.

Décimo quinta. *Condicións para a execución do contrato*

O servizo que prestará a empresa adxudicataria suxeitarase ás seguintes condicións:

1. A empresa contratista elaborará un estudo organizativo do contrato que comprenda a metodoloxía dos traballos e os manuais de procedemento para a prestación do servizo.

No caso de que a prestación do servizo implique a utilización, mesmo fóra das dependencias da propia empresa, de persoal da empresa contratista, esta deberá observar o disposto nesta cláusula respecto do seu persoal. No estudo organizativo do contrato describiranse, se é o caso, as funcións do persoal propio da empresa e a forma de as realizar.

O contrato executarase con suxeición ás súas cláusulas, aos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas e mais de acordo co manual de procedemento elaborado polo contratista e aprobado pola Administración do Parlamento.

2. O prazo de execución do contrato será o establecido no punto 24 do cadro de especificacións.

3. O contratista contará co persoal necesario para a execución do contrato de acordo coa oferta formulada. Este persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, que terá todos

os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empregador respecto do persoal, sendo a Administración parlamentaria allea ás ditas relacións laborais.

O adxudicatario indicará os nomes das persoas adscritas á empresa que ten previsto designar e que cumpran os requisitos que se exixisen no momento da súa aceptación pola Administración parlamentaria. O adxudicatario estará obrigado a asignar para a execución dos traballos aos que se refire este prego os facultativos cuxo nome figure na súa oferta, coa dedicación definida nela. Polo tanto, durante a vixencia do contrato, o persoal asignado a este con dedicación completa non poderá intervir noutro traballo. Así mesmo, o adxudicatario non poderá substituír o persoal facultativo establecido na súa oferta sen a expresa autorización do director dos traballos.

4. O contratista é responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolva e mais das prestacións e dos servizos realizados, nos termos do artigo 305 do TRLCSP. A empresa contratista dispoñerá para a execución do contrato dunha estrutura xerarquizada, a cal se precisará no estudo organizativo do servizo, que se fará responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de como o distribuír. Corresponde, así mesmo, á empresa contratista a vixilancia do horario de traballo dos traballadores, as posibles licenzas horarias ou permisos, ou calquera outra manifestación das facultades do empregador. En todo caso, na forma establecida nestes pregos, o servizo deberá quedar sempre convenientemente cuberto.

No caso de enfermidade, licenzas, permisos ou outras ausencias ou situacións similares do persoal asignado ao servizo, o adxudicatario tomará as medidas oportunas para manter en todo momento o número de efectivos persoais ofertados. Así pois, durante as vacacións, permisos ou licenzas do persoal asignado á prestación do servizo, o adxudicatario deberá proceder á súa substitución por outro persoal da empresa coa mesma titulación e nivel de coñecementos, circunstancia que se lle deberá comunicar á Administración parlamentaria por escrito, con mención expresa e acreditación dos datos identificativos e profesionais e académicos do persoal substituto.

Á extinción do contratos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que teñan realizado os traballos obxecto do contrato.

5. Corresponderalle á Administración parlamentaria os poderes de verificación e control da execución do contrato establecidos no TRLCSP.

6. É responsabilidade da empresa contratista facilitarlle aos seus traballadores todos os medios materiais precisos para levar a cabo o seu traballo, incluídos os aparellos de intercomunicación e localización inmediata.

7. A formación do persoal da empresa adxudicataria correrá por conta dela, e en ningún caso o seu custo será asumido polo Parlamento.

8. O adxudicatario está, así mesmo, obrigado ao cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral.

9. No caso de se producir unha suspensión do contrato, haberá que aterse ao estipulado no artigo 220 do TRLCSP e nas normas de desenvolvemento. De a Administración parlamentaria acordar unha suspensión dos traballos, levantarase a correspondente acta de suspensión.

10. O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento. Para tal fin dispón das prerrogativas establecidas no artigo 307 do TRLCSP.

11. A recepción realizarase consonte o disposto nas alíneas 1, 2 e 4 do artigo 222 do TRLCSP e nos artigos 203 e 204 do RXLCAP.

12. O prazo de garantía da prestación dos servizos obxecto do contrato será o establecido no punto 25 do cadro de especificacións. Durante o período de garantía, o contratista está obrigado a reparar, pola súa conta, todas as deficiencias que se puideren observar, con independencia das consecuencias que deriven das responsabilidades en que puidese incurrir, de acordo co establecido neste prego e no artigo 305 do TRLCSP.

13. No punto 26 do cadro de especificacións poderase establecer a obriga do contratista de concertar ou acreditar que dispón dun seguro de responsabilidade civil que cubra todas as posibles responsabilidades perante a Administración do Parlamento derivadas da execución do contrato e os posibles danos nos bens públicos que se ocupen ou utilicen.

14. Co motivo dun compromiso ambiental, o Parlamento de Galicia exixiralle ao contratista o cumprimento, na execución deste contrato, de boas prácticas ambientais no desenvolvemento da súa prestación do servizo e o debido cumprimento da lexislación vixente.

Décimo sexta. Pagamentos ao contratista

O contratista terá dereito ao aboamento, conforme os prezos contratados, da prestación realmente executada. O importe da prestación realizada, acreditarase por medio da presentación da factura correspondente, así como da documentación que, de se estimar precisa, xustifique a realización total ou parcial do contrato.

Procederá a emisión da factura unha vez cumprida a prestación obxecto do contrato ou a partir do día seguinte do asinamento da acta de recepción positiva por parte da Administración e o contratista.

No caso de que a prestación do servizo non acade o mes completo, o rateo da mensualidade efectuarase por días, de acordo coa seguinte fórmula [(cota mensual / días do mes) * nº de días de prestación do servizo].

A factura deberase presentar en formato electrónico no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia (SEF). O código DIR3 que identifica o Parlamento de Galicia no SEF é o seguinte:

					CÓDIGO DIR3		
CIF	RECEPTOR	ENTIDADE	ÓRGANO DE CONTRATACIÓN	UNIDADE DE CONTRATACIÓN	OFICINA CONTABLE	ÓRGANO XESTOR	UNIDADE TRAMITADORA
S1533001B	PARLAMENTO DE GALICIA	PARLAMENTO DE GALICIA	PARLAMENTO DE GALICIA	PARLAMENTO DE GALICIA	100000344	100000344	100000344

Correspóndelle ao responsable do contrato a conformidade ou o rexeitamento das facturas presentadas. No caso de conformidade coa prestación, quen sexa responsable do contrato conformará a factura correspondente. No caso contrario, emitirá un informe da súa discrepancia, do que se lle dará traslado ao contratista. Este terá dereito ao período de audiencia por un prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da notificación. Simultaneamente, procederase ao rexeitamento da factura a través do Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia (SEF) con

indicación dos motivos. A factura quedará rexistrada como anulada no rexistro contable de facturas. O pagamento do prezo relativo ao período controvertido non se tramitará mentres non se emenden as deficiencias e tras a presentación da nova factura.

O Parlamento procederá con carácter xeral ao aboamento da factura dentro dos trinta días seguintes á data de recepción da factura correspondente. No entanto, cando legalmente ou no contrato se dispoña un procedemento de aceptación ou comprobación mediante o cal se debe verificar a conformidade dos bens ou servizos co disposto no contrato, a súa duración non poderá exceder trinta días naturais, contados desde a data de recepción dos bens ou da prestación do servizo. Neste caso, o prazo de pagamento será de trinta días despois da data en que ten lugar a aceptación ou verificación dos bens ou servizos, incluso aínda cando a factura se recibise con anterioridade á aceptación ou verificación.

No caso de que o Parlamento incorra en mora no seu pagamento nos termos indicados anteriormente, deberá aboarlle ao contratista os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos da Lei 3/2004, do 29 de decembro. Para que se inicie o cómputo do prazo para a devindicación dos xuros, o contratista deberá cumprir a obriga de presentar a factura no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia (SEF) no prazo de quince días naturais desde o último día do mes natural do período facturado ou desde a data de recepción efectiva das mercadorías ou da prestación dos servizos.

Décimo sétima. *Execución do contrato*

1. O contrato executarase con suxeición ás súas cláusulas e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación lle dea ao contratista o órgano de contratación. Actuará como responsable do contrato a persoa designada no punto 27 do cadro de especificacións.

2. A execución do contrato realizarase ao risco e ventura do contratista, e este será responsable da calidade técnica do servizo. Consonte o establecido no artigo 156 do TRLCSP, non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa anterior formalización, agás nos casos previstos nos artigos 112 e 113 do TRLCSP.

3. Corresponderanlle á Administración parlamentaria os poderes de verificación e control da execución do contrato establecidos no TRLCSP. O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento. Para tal fin dispón das prerrogativas establecidas nos artigos 297 ao 300 do TRLCSP.

4. No caso de se producir unha suspensión do contrato, haberá que aterse ao estipulado no artigo 220 do TRLCSP e nas normas de desenvolvemento. Se a Administración parlamentaria acorda unha suspensión, levantarase a correspondente acta de suspensión.

Décimo oitava. *Confidencialidade e protección de datos*

O contratista deberá respectar o carácter confidencial de toda a información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato, especialmente a de carácter persoal. A dita información non poderá ser utilizada, cedida ou copiada para outro fin distinto do que resulte da propia execución do contrato, nin sequera para os efectos de conservación, polo que queda obrigado ao cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, conforme o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (en diante LOPD); no Real decreto 994/1999, do 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de medidas de seguridade

dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, e no resto da lexislación aplicable.

Se como consecuencia da execución deste contrato o contratista debe acceder a datos de carácter persoal incluídos en ficheiros titularidade do Parlamento de Galicia, e para os efectos de cumprir coa obriga do artigo 12.2 da LOPD, mediante esta cláusula regúlase o réxime e a natureza do tratamento dos datos de carácter persoal pertencentes ao Parlamento de Galicia (responsable do ficheiro ou tratamento) que realizará o contratista (como encargado do tratamento) como resultado da prestación do contrato.

Quen sexa contratista está obrigado a gardar segredo e confidencialidade sobre os datos de carácter persoal aos que teña acceso con motivo da realización das súas tarefas ou funcións; obriga que se compromete a seguir respectando unha vez finalizado o contrato e que lle impide realizar calquera actuación pola que directa ou indirectamente divulgue ou poña en coñecemento de terceiras persoas non autorizadas calquera dato persoal ao que teña acceso.

O devandito tratamento realizarase de conformidade co establecido na LOPD e no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD.

Calquera tratamento dos datos de carácter persoal á marxe dos que expresamente deriven do cumprimento deste contrato está, agás acordo en contrario por escrito das partes, expresamente excluído do seu obxecto.

O contratista reconece as obrigas que o afectan respecto do tratamento de datos de carácter persoal por conta de terceiros, para cuxo cumprimento asume, de conformidade co establecido no artigo 12 da LOPD, os seguintes compromisos:

a) Accederá aos datos de carácter persoal cuxo responsable é o Parlamento de Galicia unicamente se tal acceso é necesario para a execución deste contrato, e non utilizará ou aplicará os citados datos para fin distinto do da dita execución.

b) Tratará os datos segundo as instrucións do Parlamento de Galicia.

c) Informará o persoal que teña acceso aos datos de carácter persoal das obrigas relativas ao seu tratamento establecidas neste documento.

d) Adoptará as medidas técnicas e organizativas pertinentes, de conformidade co estipulado nos artigos 81 e 82 do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, para garantir a seguridade e integridade dos datos de carácter persoal aos que teña acceso, evitando a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado. Para tales efectos, implantaranse nos ficheiros de datos de carácter persoal as medidas de seguridade do nivel que correspondan en atención á natureza dos datos obxecto de tratamento.

e) Non lles comunicará en ningún caso a terceiras persoas os datos de carácter persoal aos que teña acceso.

Ao finalizar a relación entrambas as partes derivada deste contrato, os datos de carácter persoal utilizados polo contratista deberán ser destruídos ou devoltos ao Parlamento de Galicia; o mesmo destino deberá darse a calquera soporte ou documentos en que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

Sen prexuízo do exposto con anterioridade, o contratista estará facultado para conservar os datos de carácter persoal, debidamente bloqueados, en tanto poida derivar responsabilidades da súa relación con Parlamento de Galicia ou cando exista unha obriga legal de conservación dos devanditos datos exigible a quen sexa contratista.

En todo caso, no non previsto nesta cláusula, será aplicable a normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

Décimo novena. *Modificación do contrato*

Se durante a vixencia do contrato a Administración parlamentaria detecta a conveniencia ou a necesidade da súa modificación, ou a realización de traballos non contratados, observarase o disposto nos artigos 210, 211 e 219 e mais no título V do libro I do TRLCSP. Neste caso o contratista virá obrigado á modificación dos manuais de procedementos da alínea 1 da cláusula décimo quinta.

Vixésima. *Resolución do contrato*

Son causas de resolución do contrato, nos termos establecidos no artigo 112 do RXLCAP, ademais das establecidas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, as seguintes:

- a) O incumprimento das obrigas ou das prohibicións enumeradas neste prego.
- b) A grave deficiencia na prestación do servizo por parte do adxudicatario, debidamente documentada polo Parlamento.

Vixésimo primeira. *Penalidades*

No caso de incumprimento do disposto neste prego e no prego de prescricións técnicas ou a súa defectuosa prestación, a Mesa do Parlamento poderá optar indistintamente por:

- a) Declarar resolto o contrato, con perda da garantía.
- b) A imposición das penalidades por parte do órgano de contratación serán as previstas con carácter xeral nos artigos 212, 213 e 214 do TRLCSP, e en concreto as que se determinen no punto 28 do cadro de especificacións.

As cantidades por imposición de penalidades, logo do oportuno trámite de audiencia ao contratista, serán deducidas na seguinte facturación que proceda ou, de non ser posible, serán efectivas sobre a garantía que se constituíse. Neste caso, o contratista deberá repoñer ou ampliar esta na contía que corresponda no prazo de dez días hábiles.

A penalidade económica imposta non exclúe a indemnización de danos e perdas a que poida ter dereito a Administración.

En todo caso, a constitución de mora do empresario non precisará intimación previa por parte da Administración.

Vixésimo segunda. *Réxime das notificacións*

As notificacións que deban realizarse derivadas da tramitación deste procedemento poderanse efectuar por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderase efectuar mediante correo electrónico ao enderezo que os licitadores designasen ao presentar as proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

No caso de que o licitador ou o seu representante rexeite a notificación, farase constar no expediente, e especificaranse as circunstancias dos intentos de notificación, polo que se terá por efectuado o devandito trámite.

Vixésimo terceira. *Interpretación, recursos e xurisdición*

Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación, de acordo co establecido no artigo 40 do TRLCSP, os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que rexan a contratación, os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación sempre que estes decidan directa ou

indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, e o acordo de adxudicación.

Considéranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorda a exclusión dos licitadores.

A tramitación deste recurso axustarase ao disposto nos artigos 40 a 49 do TRLCSP.

De acordo co establecido no artigo 45 do TRLCSP, no caso de que o acto recorrido sexa o de adxudicación, quedará en suspenso a tramitación do expediente de contratación.

Contra a resolución do recurso só procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Contra o resto de actos administrativos que non reúnan os requisitos do apartado 1 do artigo 40 do TRLCSP poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia.

A Mesa do Parlamento ten a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar por razón de interese público os contratos e acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados no TRLCSP e no RXLCAP.

Os acordos que dite a Mesa do Parlamento, logo do informe da Oficialía Maior e da Dirección da Intervención Xeral e Asuntos Económicos, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

As cuestións litixiosas sobre a interpretación, a modificación, a resolución e os efectos dos contratos administrativos serán resoltas pola Mesa do Parlamento. Contra os seus acordos, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co disposto na lei reguladora da devandita xurisdición.

Cadro de especificacións do contrato					
1	Obxecto do contrato	Servizos de telefonía e acceso á Internet e a subministración de electrónica de rede para a Administración do Parlamento de Galicia			
	Necesidade que cómpre satisfacer	Proporcionar na sede do Parlamento de Galicia o servizo de telefonía fixa e acceso á Internet, así como o servizo de telefonía móbil e acceso á Internet en mobilidade			
	Código nomenclatura CPV	32552310-3 Centrais telefónicas dixitais 45314100-2 Instalación de centrais telefónicas 50334110-9 Servizos de mantemento de redes telefónicas 64210000-1 Servizos telefónicos e de transmisión de datos 64212000-5 Servizos de telefonía móbil 64227000-3 Servizos de telecomunicacións integradas 32250000-0 Teléfonos móbiles 32410000-0 Rede de área local 32413000-1 Rede integrada 32418000-6 Rede de radio 32424000-1 Infraestrutura de rede 32413100-2 Encamiñadores de rede			
	Código clasificación estatística CPA-2002	26.30 Equipos de telecomunicacións 26.30.22 Teléfonos móbiles ou para redes sen fíos 61. Servizos de telecomunicacións 61.10.11 Servizos de telefonía fixa: acceso e utilización 61.10.2 Servizos de operadores de telecomunicacións por cable 61.20.11 Servizos de telecomunicacións móbiles: acceso e utilización 61.20.30 Servizos de transmisión de datos en redes de telecomunicacións sen cables			
2	Número de expediente	STI-PA-7/2016			
3	Tramitación	Ordinaria			
4	Admisión de variantes	Non se admiten			
5	Orzamento máximo de licitación	Subministración	Orzamento	IVE (21 por cento)	Total
			390.000,00 €	81.900,00 €	471.900,00 €
		Servizo	Orzamento (anual)	IVE (21 por cento)	Total anual
			260.000€	54.600€	314.600€
	Total do valor estimado do contrato (o valor estimado do contrato vén determinado polo importe total, tendo en conta calquera forma de opción e eventuais prórrogas, IVE excluído)			1.950.000,00 €	
6	Partida orzamentaria	Partida 01.01.111B.632 (subministración): 471.900€ (exercicio 2016) Partida 01.01.111B.222.00 (servizo):			

		<p>Exercicio 2016: 22.833,90€ (ive engadido)</p> <p>Exercicio 2017: 314.600€ (condicionado á existencia de crédito)</p> <p>Exercicio 2018: 314.600€ (condicionado á existencia de crédito)</p> <p>Exercicio 2019: 291.766,10€ (condicionado á existencia de crédito)</p>
7	Forma de pagamento	<p>O prezo aboarase en cotas mensuais por mensualidades vencidas, de acordo coa factura expedida polo adxudicatario e verificada polo responsable competente, trala aprobación da correspondente factura (presentada no Punto xeral de entrada de Facturas electrónicas da Xunta de Galicia). (códigos DIR na cláusula 16ª).</p> <p>Deberán separar claramente os importes relativos ao servizo e á subministración. A facturación da subministración realizarase unha vez estea entregado, instalado e configurado todo o material solicitado, e unha vez asinada a correspondente acta de recepción, que valida a correcta execución da mesma por parte do adxudicatario.</p> <p>En función do consumo real, o PG e o adxudicatario procederán a realizar unha regularización da facturación (se é necesario) ao fin do contrato, a ao final das posibles prórrogas, en función da diferenza entre as cotas concertadas e o consumo real, segundo as tarifas ofertadas. Ao estar todos os servizos incluídos na tarifa plana mensual, só se procederá a realizar regularizacións no caso de superar na volumetría de consumo anual, e no conxunto dos tres anos do contrato, mais as posibles prórrogas, no caso de que os servizos en roaming superen en máis dun 15% o volume detallado na táboa 8 do PPT. Detalle de chamadas móbiles ano 2015 (no referente aos custos asociados aos dispositivos móbiles) na Táboa 5 do PPT. Detalle de chamadas fixas (no referente aos custos asociados á telefonía fixa). Así como, os excesos en volume de datos no streaming de vídeo.</p>
8	Duración do contrato	Tres anos desde a súa formalización
9	Prórrogas do contrato	Polos períodos sucesivos que acorde a Mesa do Parlamento ata un máximos de outros tres anos máis
10	Revisión de prezos	O prezo desta contratación non será obxecto de revisión, xa que no cálculo del foron tidos en conta os factores económicos determinantes para manter o equilibrio financeiro do contrato durante o posible prazo de execución.
11	Solvencia económica e financeira	<p>Declaración relativa ao volume anual de negocios do licitador que, referida ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos deberá ser, polo menos, unha vez e media o valor anual medio do contrato (ou sexa, 487.500,00 €).</p> <p>O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si o empresario estivese inscrito en devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.</p>
12	Solvencia técnica e profesional	Considerarase solvente a empresa licitadora que acredite un importe anual acumulado no ano de maior execución, dentro dos cinco últimos anos, igual ou

		<p>superior ao 70% da anualidade media deste contrato (ou sexa, 227.500,00 €).</p> <p>Para acreditar a solvencia, os licitadores deberán entregar unha relación, selada e asinada, dos principais servizos do mesmo tipo realizados no cinco últimos anos que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificacións expedidas ou visadas polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante unha certificación expedida por este, ou a falta desta certificación, mediante unha declaración do empresario. Só se terán en conta a efectos de acreditar a solvencia os servizos relacionadas co obxecto da presente contratación, que aparezan relacionadas e respecto das cales se acheguen certificacións ou declaración do empresario a que se fai referencia neste apartado.</p>
13	Clasificación	<p>Grupo V</p> <p>Subgrupo 3: mantemento e reparación de equipos e instalacións informáticos e de telecomunicacións.</p> <p>Subgrupo 4- Servizos de telecomunicacións</p> <p>Categoría 3.</p>
14	Obrigas contractuais esenciais	Non se establecen
15	Subcontratación	Permítese.
16	Criterios de adxudicación	<p>I.- Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, ata 48 puntos.</p> <p>Valor técnico da oferta:</p> <p>a.- Custo dos excesos da volumetría dos consumos de telefonía fixa, móbil, datos, todos eles en roaming ou itinerancia, por riba do límite do 15% anual, no conxunto dos tres anos do concurso, máis as posibles prórrogas, outorgando a mellor puntuación ás tarifas que permitan, comparativamente, obter un maior aforro económico (segundo modelo do anexo IV) (6 puntos)</p> <p>b.- Ferramenta de xestión e control da facturación para facilidade da xestión de liñas e aplicacións, de actualizacións, de aplicación de políticas, de terminais, consulta de consumo on- line de GB de tráfico, a xestión de servizos non incluídos na tarifa plana, consultas de consumo por usuario, etc. (3 puntos)</p> <p>c.- Acordos de nivel de servizo (SLA). Os acordos de nivel de servizo son unha medida do cumprimento do contrato, polo que constitúen un bo mecanismo para asegurar a calidade dos traballos e corrección das desviacións que se poidan producir na prestación do servizo. En concreto, valorarase nos acordos de nivel de servizo (SLA) que o licitador propoña: (3 puntos)</p> <ul style="list-style-type: none"> – Novos indicadores – Idoneidade de novos acordos – Modelo de revisión de acordos <p>d.- Memoria do plan de implantación do servizo de telefonía e acceso á Internet: deberánse definir en detalle as tarefas a realizar para levar a cabo a transición do servizo de acceso á Internet, o procedemento para garantir a redundancia do acceso corporativo á rede e o equipamento e configuracións precisas. Para a parte de telefonía fixa deberá definirse o equipamento que se incluírá, de ser preciso, para garantir unha solución completamente funcional e como se</p>

configurará o mesmo para a consecución da solución converxente. Así mesmo, estableceranse os prazos e a metodoloxía para a provisión dos teléfonos móbiles, a realización das portabilidades, de ser o caso, a configuración de servizos, o aseguramento da cobertura no edificio do Parlamento de Galicia e os recursos adicados. A planificación deberá estar orientada á redución da repercusión das tarefas de implantación na actividade da institución. **(8 puntos)**

e.- Plan de transición e devolución do servizo: Para a prestación do servizo é fundamental contar cun plan detallado das tarefas a realizar para asegurar o proceso de transición e devolución do servizo. Este plan deberá incluír o detalle da documentación que se xerará para garantir a continuidade de actividades unha vez que remate a prestación do servizo. Definición dos procedementos/tarefas para a transferencia do coñecemento de xeito que se poida asegurar a continuidade do servizo e a xestión do cambio co mínimo impacto posible sobre os usuarios.

Valoraranse detalles de planificación (fitos, plans de acción e proxectos oportunos), o compromiso de prazos, a documentación desenvolvida, a amplitude dos recursos humanos dedicados, planificación de reunións, así como o compromiso das medidas correctoras para solucionar as desviacións do plan que poidan xurdir. **(5 puntos)**

Para a distribución dos puntos estableceranse, para cada apartado anterior (proceso de transición e devolución do servizo), tres graos ou niveis de satisfacción, atribuíndo a puntuación segundo os seguintes tramos:

criterio grao	Transición do servizo	Devolución do servizo
Alto	2 a 2,5	2 a 2,5
Medio	1 a 2	1 a 2
Baixo	0 a 1	0 a 1

f.- Estudo de cobertura: avaliarase a completitude do estudo e a optimización do número de puntos de acceso para garantir a cobertura en todo o edificio coa menor cantidade de unidades. Valorarase a aproximación ao entorno, mediante a incorporación das características físicas do caso concreto do edificio do PG e a entrega de mapas de calor **(3 puntos)**

g.- Memoria do plan de implantación subministración: os licitadores deberán detallar a metodoloxía que empregarán para levar a cabo a implantación e configuración da solución da electrónica de rede cableada e a solución wifi. Entregarase, tamén, unha memoria das funcionalidades, instalación e configuración da ferramenta de xestión integrada e da solución de control de acceso á rede. Indicarán cal será a aproximación para acometer as tarefas concretas a realizar, os recursos asignados ás mesmas, os prazos de execución individualizados e as medidas de continxencia para minimizar a repercusión dos traballos na actividade da institución. Así mesmo, valorarase a configuración técnica do equipamento para garantir a seguridade e a redundancia da rede interna corporativa. A planificación deberá estar orientada á redución da

repercusión das tarefas de implantación na actividade da institución **(8 puntos)**

h.- Plan de formación (5 puntos)

- Calidade do plan: avaliarase que os cursos de formación se adapten á instalación realizada e traten os temas clave para unha operación básica da mesma (detalle dos contidos). Valorarase, así mesmo, a planificación das sesións para minimizar o impacto nas tarefas diarias dos asistentes á formación.
- Número e duración das sesións previstas: valorarase que o número e duración das sesións previstas sexa o axeitado para a adquisición dos coñecementos básicos para a operación da solución implantada por parte do persoal técnico do PG.

i.- Melloras (7 puntos):

Valoraranse as melloras no relativo a:

a) Proporcionar unha solución de control de ameazas de aplicacións: valorarase a definición das características da solución, o proceso de implantación e integración co MDM, eliminación de aplicacións, etc. Os licitadores poderán presentar unha solución de control de ameazas das aplicacións que deberá cubrir os seguintes requisitos mínimos:

- Detección de ameazas contra a marca do Parlamento
- Recoñecemento de versións maliciosas de aplicacións oficiais
- Identificación de aplicacións, patróns e atacantes sospeitosos
- Investigación de casos de aplicacións móbiles falsas
- Creación de perfís de atacantes, as súas técnicas, tácticas e procedementos
- Integración con:
- Solucións antivirus aumentando a detección de aplicacións móbiles maliciosas
- Solucións tecnolóxicas de sandboxing e análise forense móbil
- MDM corporativo

(2 puntos).

b) Proporcionar unha ferramenta de monitorización dos servizos que se ofrecen cara á Internet: definición do procedemento de detección e automatización de vulnerabilidades, proceso de seguimento das mesmas, aplicación das recomendacións de mellores prácticas para a protección contra ameazas e inventariado de activos. A ferramenta deberá permitir:

- Descubrir e inventariar activos accesibles dende o exterior, independentemente do rango de direccións IP
- Identificación e explotación das vulnerabilidades mediante a automatización de ferramentas e técnicas de penetración empregadas por atacantes reais.
- Seguimento de detección e corrección de vulnerabilidades, e de descubrimento de novos activos de forma persistente.
- Solución SaaS (Software as a Service) na modalidade 24x7

(2 puntos)

c) Proporcionar un servizo de limpeza de metadatos de arquivos: integración coa ferramenta de correo corporativo, características de cifrado co motor de tratamento, elaboración de informes de xeito sinxelo, posibilidade de limpeza de arquivos baixo demanda, tipos de arquivos ofimáticos que se poden limpar, posibilidade de limpeza automática de arquivos en servidores, etc. Valorarase a inclusión dunha ferramenta que permita limpar automaticamente os metadatos dos arquivos que se envíen por correo electrónico, así como a limpeza manual de arquivos internos á organización. A solución deberá contar coas seguintes características:

- Xestión centralizada dos perfís de tratamento
- Distribución centralizada de licenzas de uso e actualizacións
- Soporte para a comunicación cifrada co motor de tratamento centralizado
- Posibilidade de aplicar políticas de tratamento comúns definidas polo PG
- Posibilidade de avaliar resultados e informes estatístico-evolutivos

Deberase indicar se a mellora permite a configuración automática para os servidores corporativos e os tipos de arquivos ofimáticos que é posible limpar de metadatos.

(3 puntos)

Para as melloras presentadas os licitadores incluírán todas as licencias e o mantemento preciso durante a vixencia do contrato. Entregarán unha descrición detallada das súas funcionalidades, e os requisitos e características da implantación, os tempos estimados para a realización das mesmas e, en xeral, calquera detalle técnico de interese que se poida valorar, para todas as melloras que aporten.

II.- Criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas, ata 52 puntos:

a.- Prezo: de **0 a 40 puntos**: distribuíndo **29 puntos** para o prezo do servizo e **11 puntos** para o prezo da subministración. Ponderaranse as ofertas de acordo coas seguintes fórmulas:

Para o prezo anual do servizo:

$$\text{Puntuación } i = 29 \times \frac{\text{Orzamento licitación} - \text{Oferta } i}{\text{Orzamento licitación} - \text{oferta máis baixa}}$$

Para o prezo da subministración:

$$\text{Puntuación } i = 11 \times \frac{\text{Orzamento licitación} - \text{Oferta } i}{\text{Orzamento licitación} - \text{oferta máis baixa}}$$

b.- Un switch de rede a maiores, coas mesmas características que os esixidos no

		<p>punto [35] do PPT: 4 puntos se se inclúe a súa subministración, 0 puntos en caso contrario.</p> <p>c.- Puntos de acceso de alta densidade a maiores (ata 3 puntos):</p> <ul style="list-style-type: none"> – Se se entregan 2 puntos de acceso, 3 puntos – Se se entrega 1 punto de acceso, 1.5 puntos – En caso contrario, 0 puntos <p>d.- Custo do tráfico de streaming a maiores: ao prezo máis alto do Xigabyte de exceso 0 puntos, ao prezo máis baixo a máxima puntuación e o resto de xeito proporcional. (2.5 puntos)</p> <p>e.- Custo de Teléfono Cisco 7965G con licenza, instalación e custo de mantemento anual: establécese un prezo máximo por unidade de 431 € sen IVE (custo máximo hardware: 273 €, custo máximo licencias: 72 €, custo máximo mantemento: 86 €): Custo de Teléfono Cisco 7965G: as ofertas que indiquen o prezo máximo obterán 0 puntos e ao resto asignaráselle 0,1 puntos por cada 1% de baixada, en todos e cada un dos conceptos do desglose, ata un máximo de 1 punto. (1 punto)</p> <p>f.- Custo de Teléfono Cisco 6921 con licenza, instalación e custo de mantemento anual: establécese un prezo máximo por unidade de 276 € sen IVE (custo máximo hardware: 118 €, custo máximo licencias: 72 €, custo máximo mantemento: 86 €): Custo de Teléfono Cisco 6921: as ofertas que indiquen o prezo máximo obterán 0 puntos e ao resto asignaráselle 0,1 puntos por cada 1% de baixada, en todos e cada un dos conceptos do desglose, ata un máximo de 1 punto. (1 punto)</p> <p>g.- Custo de Teléfono Cisco 6901 con licenza, instalación e custo de mantemento anual: establécese un prezo máximo por unidade de 251 € sen IVE, (custo máximo hardware: 93 €, custo máximo licencias: 72 €, custo máximo mantemento: 86 €): Custo de Teléfono Cisco 6901: as ofertas que indiquen o prezo máximo obterán 0 puntos e ao resto asignaráselle 0,1 puntos por cada 1% de baixada, en todos e cada un dos conceptos do desglose, ata un máximo de 0.5 puntos. (0.5 puntos)</p>
17	Contido do sobre B	Os licitadores deberán incluír neste sobre, en formato papel e en formato electrónico (cedé, deuedé, lapis de memoria...), a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas, os detalles ou as precisións que considere convenientes para a mellor realización da prestación obxecto da contratación, así como a documentación que permita a valoración dos criterios de adxudicación establecidos no punto 16 do cadro de especificacións suxeitos a xuízos de valor, por non seren avaliábeis por fórmulas, escalas ou porcentaxes.
18	contido do sobre C	Os licitadores deberán incluír neste sobre, en formato papel e en formato electrónico (cedé, deuedé, lapis de memoria...), a documentación na que figuren as características da súa oferta que acrediten e xustifiquen o cumprimento das condicións que se establecen no prego de prescricións técnicas e que permitan a valoración dos criterios de adxudicación avaliábeis mediante a aplicación automática das fórmulas, escalas ou porcentaxes establecidas no punto 16 do cadro de especificacións. En todo caso, modelo de proposición que se insire como anexo V.
19	Garantía provisional	Non se exige.

20	Garantía definitiva	5 por cento do prezo de adxudicación.
21	Garantías complementarias	No caso de que o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa conforme os criterios de valoración do punto 16, estando en baixa anormal ou desproporcionada, xustifique debidamente o importe ofertado, aquel terá que constituír unha garantía polo importe do 5 por cento do prezo de adxudicación, IVE excluído.
22	Mesa de contratación	<p>Presidenta: a vicepresidenta 1ª da Mesa do Parlamento (en caso de ausencia poderaa suplir o secretario da Mesa).</p> <p>Vogais:</p> <ul style="list-style-type: none"> — o secretario da Mesa do Parlamento. — a vicesecretaria da Mesa do Parlamento. — o letrado oficial maior (en caso de ausencia poderao suplir un letrado do Parlamento. — a titular da Intervención e Asuntos Económicos do Parlamento (en caso de ausencia poderaa suplir a viceinterventora do Parlamento). <p>Secretario: o xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento (en caso de ausencia poderao suplir un funcionario desta unidade administrativa).</p>
23	Apertura de proposicións	<p>— Sobre B: no día e na hora que oportunamente se lles comunicará aos licitadores e que se publicará no Perfil de contratante da páxina web do Parlamento de Galicia.</p> <p>— Sobre C: no día e na hora que oportunamente se lles comunicará aos licitadores e que se publicará no Perfil de contratante da páxina web do Parlamento de Galicia.</p>
24	Prazo para a execución do contrato	Catro meses para a subministración.
25	Prazo de garantía	Dous anos para todo o material subministrado e as licenzas de software Durante a vixencia do contrato para os terminais.
26	Seguro de responsabilidade civil	Por un importe de 450.000 €
27	Responsable do contrato	Xefe do Servizo de Tecnoloxías da Información
28	Penalidades	<p>En coherencia co establecemento dun prazo determinado para a entrega e instalación da subministración, establécese unha penalidade concreta para o suposto do seu incumprimento, establecéndose a penalidade diaria establecida no artigo 212.4 do TRLCSP, por importe de 100,00 euros por cada día de retraso debido ao prexuízo que lle ocasionaría ao Parlamento que o adxudicatario non realizase a instalación no prazo establecido, o cal incidiría no funcionamento diario da rede corporativa.</p> <p>Así mesmo, dado que no prego de prescricións técnicas se determina o prazo máximo para a migración do servizo de telefonía e acceso á Internet, é imprescindible facer un seguimento rigoroso do cumprimento deste prazo e consecuentemente penalizar o seu posible incumprimento polo adxudicatario, establecendo unha penalidade do 1% do importe contrato polo incumprimento deste prazo polo prexuízo que lle provocaría ao Parlamento de Galicia o feito de ter que manter o servizo a través doutro operador de telefonía.</p>

29	Acceso ao perfil de contratante	www.parlamentodegalicia.gal
30	Data de envío do anuncio ao DOUE	10 de agosto de 2016

Anexo I

(sobre A)

D./D^a, con domicilio en, rúa, núm., DNI núm., expedido en, actuando (en nome propio ou en representación de), tendo coñecemento das condicións e dos requisitos que se esixen no Prego de cláusulas administrativas particulares da contratación para a adxudicación de contrato de, para os efectos do establecido na cláusula vixésimo segunda do prego de cláusulas administrativas para o caso de efectuar notificacións, expresamente autorizo o Parlamento de Galicia a efectuar as notificacións que se produzan como consecuencia da tramitación deste procedemento a través do seguinte correo electrónico:

Correo electrónico:

Lugar

Data

Sinatura do/a licitador/a

Anexo II

(Sobre A)

Modelo de declaración responsable

D./D^a, con domicilio en, rúa, núm., DNI núm., expedido en, actuando (en nome propio ou en representación de, tendo coñecemento das condicións e dos requisitos que se exigen no Prego de cláusulas administrativas particulares da contratación para a adxudicación do contrato de, para os efectos do establecido na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación,

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

— Que tanto a entidade coma quen a representa e asina esta declaración teñen a personalidade xurídica suficiente e, se é o caso, representación verificada, e cumpren as condicións de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional exixidas para participaren neste procedemento de contratación.

— Que achegará en calquera momento que lle sexa solicitada polo Parlamento de Galicia a documentación acreditativa do cumprimento destas circunstancias.

— Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan incurso en suposto ningún aos que se refire o artigo 60 do TRLCSP.

— Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Lugar

Data

Sinatura e selo do/a licitador/a

Anexo III

Modelo de aval (para o caso de constituírse garantía mediante aval)

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), co NIF nº, con domicilio (para efectos de notificación e requirimentos) na (rúa/praza/avenida, código postal, localidade), e no seu nome D./Dª(nome e apelidos das persoas apoderadas) con poderes suficientes para obrigalo neste acto,

AVALA a(nome e apelidos ou razón social do avalado), co NIF nº, en virtude do disposto no artigo 56.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, para responder das seguintes obrigas (detallar o obxecto do contrato ou das obrigas asumidas polo garantido), perante o Parlamento de Galicia, por importe de (en letra e cifras).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas. Este aval outórgase solidariamente respecto do obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pagamento ao primeiro requirimento do Parlamento de Galicia, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos das administracións públicas e nas súas normas de desenvolvemento.

Este aval permanecerá vixente ata que o Parlamento de Galicia autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido no Texto refundido da Lei de contratos do sector público e na lexislación complementaria.

Lugar

Data

Sinatura e selo do/a licitador/a

VERIFICACIÓN DE PODERES

Anexo IV
Modelo de proposición
(Sobre B)

D./D^a, con domicilio en, rúa, núm., DNI núm., expedido en, actuando (en nome propio ou en representación de), tendo coñecemento das condicións e dos requisitos que se esixen no Prego de cláusulas administrativas particulares da contratación para a adjudicación de contrato de, comprométese a realizar a prestación obxecto do contrato con suxeición ás condicións establecidas no prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares desta contratación, polos seguintes importes:

Na seguinte táboa detallaranse **todos** aqueles custos **incluídos na tarifa plana, por posibles excesos por riba do 15% da volumetría no conxunto dos tres anos, máis as posibles prórrogas:**

	Establecemento chamada	Min/seg ou MB ou mensaxe	Dcto. Est. Cham.	Dcto. Min/Seg ou MB ou Mensaxe	Est. Cham. c/Dcto.	Minuto/Seg c/Dcto. Ou MB ou Mensaxe
Telefonía fixa						
Chamadas internacionais con destino EEUU e Europa Occidental						
Chamadas internacionais (resto do mundo)						
Telefonía móbil						
Datos en itinerancia						
Chamadas itinerancia						
Chamadas internacionais						
Mensaxes intern. en itinerancia						
Mensaxes internacionais						
Mensaxes curtas en itinerancia ¹						
Mensaxes Multimedia en itiner.						

¹ Con destino ao mesmo operador: detallar o custo total da mensaxe entre orixe e destino

Mensaxes Oper. Nac. en itiner. ²						
Chamadas recibidas en itiner.						
Servicios especiais roaming						
Outros						

Lugar

Data

Sinatura e selo do/a licitador/a

² Outros operadores distintos do licitador: detallar o custo total da mensaxe entre orixe e destino

Anexo V
Modelo de proposición
(Sobre C)

D./D^a, con domicilio en, rúa, núm., DNI núm., expedido en, actuando (en nome propio ou en representación de), tendo coñecemento das condicións e dos requisitos que se exixen no Prego de cláusulas administrativas particulares da contratación para a adxudicación de contrato de, comprométese a realizar a prestación obxecto do contrato con suxeición ás condicións establecidas no prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares desta contratación, polos seguintes importes:

Servizo	Ofertado pola empresa	
Prezo anual excluído o IVE	en letras:	
	en números:	
IVE	en letras:	
	en números:	
Total	en letras:	
	en números:	

Subministración	Ofertado pola empresa	
Prezo excluído o IVE	en letras:	
	en números:	
IVE	en letras:	
	en números:	
Total	en letras:	
	en números:	

Criterios matemáticos (b, c,d, e,f, g)	Ofertado pola empresa
Inclusión dun switch de rede a maiores (Si/Non)	
Puntos de acceso de alta densidade a maiores (0, 1, 2)	
Custo do tráfico de streaming a maiores (prezo do Xigabyte –excesos--)	
Custo de Teléfono Cisco 7965G (incluír custos desagregados ³)	
Custo de Teléfono Cisco 6921 (incluír custos desagregados ³)	
Custo de Teléfono Cisco 6901 (incluír custos desagregados ³)	

Lugar
Data
Sinatura e selo do/a licitador/a

³ Subministración, licenza e mantemento

Prego de prescricións técnicas para a contratación dos servizos de telefonía e acceso á Internet e subministración de electrónica de rede para a Administración do Parlamento de Galicia.

1 Introducción

- [1]. O Parlamento de Galicia (en diante, PG) ofrece aos seus usuarios unha serie de servizos de comunicacións vitais para a realización das súas tarefas diarias.
- [2]. O obxecto desta contratación é a prestación do servizo de telefonía fixa e acceso á Internet no edificio do PG, o servizo de telefonía móbil e de acceso á Internet desde dispositivos móbiles do PG, que comprenden o mantemento e actualización de equipamento físico e lóxico e a xestión de incidencias dos devanditos sistemas e a subministración de equipamento para a renovación da electrónica de rede corporativa e da conectividade sen fíos do PG.
- [3]. Dada a importancia das comunicacións telefónicas e do acceso á Internet desde calquera lugar, no funcionamento diario do PG, a prestación, o mantemento, a operación e a evolución deles resultan de vital importancia para a institución, sendo pedra angular tanto para o traballo diario como para asegurar a transparencia das actividades desenvolvidas.
- [4]. Esta contratación persegue o obxectivo de proporcionar na sede do PG o servizo de telefonía fixa e acceso á Internet, así como o servizo de telefonía móbil e acceso á Internet en mobilidade. Ademais, preténdese acometer a renovación da electrónica de rede e a súa integración coa solución de telefonía fixa, móbil e acceso corporativo á Internet. Por último, e directamente relacionado con esta renovación tecnolóxica, o PG ten a necesidade de renovar a solución wifi que proporciona aos usuarios internos e aos visitantes, para mellorar a calidade dela, implantando unha solución moderna, que lles facilite a autenticación aos usuarios e que asegure o cumprimento das diferentes normativas de seguridade implantadas polo PG.
- [5]. Estes servizos deben ser prestados necesariamente por un provedor de servizos de telefonía, aínda que o PG conta con equipamento interno para garantir as súas comunicacións, tanto por vía telefónica como a través da Internet.

- [6]. Así mesmo, para a correcta prestación do servizo e para facilitar a xestión dos dispositivos móbiles, tanto os que son propiedade do PG coma os propios dos usuarios (Bring Your Own Device – BYOD), será preciso contar cun xestor de dispositivos móbiles (MDM). Este xestor contribuirá á seguridade das comunicacións dos dispositivos e a garantir o axeitado emprego deles de acordo coa política de seguridade do Parlamento de Galicia.
- [7]. Ata o de agora, as prestacións obxecto desta contratación estaban a realizarse a través de dúas contratacións, ben que, dado que están directamente relacionadas, van unificarse nun único contrato para mellorar as condicións do servizo e obter unha xestión máis eficiente das actuacións relativas a el, o cal fortalece o **principio de economía e eficiencia** na xestión dos recursos públicos.
- [8]. Así mesmo, os servizos deste contrato son homoxéneos (servizos de telefonía e acceso á Internet) e están configurados e opéranse de xeito unificado; a pesar da licitación nun único concurso, nada impide que os licitadores concorran con outros operadores a través de unións temporais de empresas ou subcontraten prestacións no caso de non seren capaces de proporcionalas por si mesmos.
- [9]. Nos últimos anos produciuse a converxencia de dispositivos, redes, sistemas e servizos que dificultan a distinción entre as diferentes tecnoloxías. O fenómeno da converxencia pódese definir como “a capacidade de diferentes plataformas de rede de transportar tipos de servizos esencialmente similares”, de xeito que os provedores de servizos e operadores precisan establecer protocolos, tanto técnicos como de negocio, para a interoperabilidade das súas redes e sistemas, e tamén para a interacción entre os diversos servizos e contidos dixitais.
- [10]. Este cambio de formulación non só está soportado no cambio de visión das necesidades de usuario, que necesitan o acceso ás mesmas aplicacións e/ou sistemas independentemente da localización, lugar, accesibilidade, etc. (fai que todos os elementos dunha rede deban de estar perfectamente integrados), senón que tamén se apoia na migración cara a estruturas NGN/VoIP, e polo tanto cara a arquitecturas na que a intelixencia de rede para servizos de voz reside en plataformas independentes dos equipos que soportan os servizos de conectividade e transporte,

onde xa non existe diferenza nin separación dos accesos nin tecnoloxías (voz, datos e móbiles).

- [11]. Cada vez é máis frecuente que os usuarios demanden un acceso á mensaxaría única independente do acceso (caixa do correo fixa ou móbil único), o que implica que as comunicacións de voz fixa e móbil deban de coincidir.

- [12]. Mediante este procedemento de contratación, o PG requirirá aos licitadores un servizo de telecomunicacións integral baseado nas necesidades dos seus usuarios. Polo tanto, os licitadores terán que aportar unha solución converxente de conexión de datos entre redes, unha plataforma de telefonía sobre IP (ToIP) e unha rede privada de voz móbil integradas.

- [13]. Estas solucións converxentes favorecen tamén a redución dos custos das comunicacións, tanto de voz como de datos, realizadas entre dispositivos fixos e móbiles, que neste caso forman parte da mesma rede. Esta solución achega, xa que logo, unha redución nos custos económicos pola súa propia natureza técnica. O feito de contar cunha solución converxente permite contar cunha única tarifa plana de fixo, móbil, Internet e mantemento; esta aproximación é máis competitiva que tarifas planas individuais por cada un dos servizos que sería a posible situación á que se chegaría cunha división en lotes.

- [14]. Ademais, dentro do apartado da rede wifi, intimamente relacionado coa rede cableada, é preciso acometer a subministración de equipamento para actualizar o existente e adaptarse ás demandas de acceso sen fíos dos usuarios e ás normativas de seguridade da información; por outra banda, o dito equipamento facilitará a provisión de acceso a novos dispositivos, reducindo os custos temporais de dedicación a estas tarefas.

- [15]. Así pois, considérase axeitada a licitación destes servizos nun único lote, dado que as distintas prestacións recollidas no obxecto deste contrato están directamente interrelacionadas entre si. A finalidade desta unificación é poder obter unha rede multiservizo converxente de servizos xestionados, que permita o uso de múltiples dispositivos, homoxeneizando a experiencia do usuario independentemente da

localización e do dispositivo empregado (teléfono fixo, móbil, ordenador persoal, portátil, táboa dixital, etc.), orientada totalmente a satisfacer a demanda do PG e coa utilización dos recursos necesarios para cada necesidade, sen separar contornas, e que a responsabilidade deles corresponda a un único adxudicatario.

[16]. A inclusión da parte de subministración dentro desta mesma contratación xustifícase, por unha banda, pola necesidade de actualización da tecnoloxía da electrónica de rede e do equipamento wifi, que, na actualidade, non permite prestar o servizo coa calidade axeitada e constitúe un punto feble (bottleneck) na infraestrutura informática do PG. Por outra banda, dado que o equipamento é o soporte físico sobre o que se asenta a prestación dos servizos converxentes de telefonía e acceso á Internet, dentro da arquitectura de rede do PG, ten sentido a contratación conxunta. Ademais, conséguese o mantemento deste equipamento por parte dun mesmo prestador durante a vixencia do contrato, mantendo o esquema actual de mantemento.

[17]. Actualmente, existen no mercado servizos que facilitan a calquera operador a prestación destes servizos e a subministración do equipamento, polo que o PG debe buscar unha eficiencia económica e técnica nun contexto cada vez de maior integración na prestación dos servizos TIC.

[18]. Cabe subliñar que unha solución non converxente implicaría para o PG, por unha banda, unha involución tecnolóxica, pois supoñería a imposibilidade de ofrecer aos usuarios funcionalidades das que dispoñen na actualidade, e por outra, a ineficiencia económica, dado que:

- Sería preciso engadir novo equipamento á central de telefonía para poder alcanzar unha solución funcional. Isto, ademais, engadiría complexidade técnica ao servizo.
- As tarifas serían menos competitivas dado que chamadas que coa solución converxente son internas (incluídas na tarifa plana) poderían pasar a ser chamadas entre diferentes operadores (maior custo)

- Unha única tarifa plana por todos os servizos (fixo, móbil, Internet e mantemento) é unha mellor opción económica que tarifas planas individuais para cada un dos servizos.

[19]. Este prego de prescricións técnicas (PPT) comprenderá unha descrición detallada do equipamento que se deberán subministrar e/ou manter, do servizo, das súas particularidades e dos criterios técnicos que rexerán o procedemento de selección das ofertas presentadas.

2 Obxectivos

[20]. O obxectivo desta contratación é a prestación do servizo de telefonía fixa e acceso á Internet no edificio do PG, o servizo de telefonía móbil e de acceso á Internet desde dispositivos móbiles do PG e a subministración de equipamento para a renovación da electrónica de rede corporativa e da conectividade sen fíos do PG. De xeito xeral, estes obxectivos son:

- Establecer os medios técnicos precisos para permitir as comunicacións entre os usuarios do xeito máis eficiente posible.
- Asegurar o acceso á rede pública do operador ou operadores para encamiñar o tráfico dos servizos requiridos.
- Asegurar a dispoñibilidade, calidade, seguridade e confidencialidade das comunicacións dos usuarios.
- Prover ferramentas de monitorización que permitan controlar o uso que se está a facer dos servizos requiridos, facilitando a detección e xestión de incidentes do servizo ou do emprego deste.
- Contar cun xestor de dispositivos que contribúa á seguridade das comunicacións e dos dispositivos e facilite a xestión deles (altas de dispositivos, baixas de dispositivos, modificacións na configuración de servizos, etc.). Securitización das aplicacións instaladas polos usuarios nos dispositivos móbiles.
- Eliminación de información corporativa na documentación pública.

- Xestión sinxela e eficiente dos custos de facturación.
- Monitorización da seguridade dos servizos publicados na Internet
- Reducir o custo do uso dos servizos de telefonía para os usuarios do PG.
- Reducir o custo do uso dos servizos de acceso corporativo á Internet do PG.
- Renovar a electrónica de rede, incrementando a velocidade e mellorando a calidade dos servizos (escritorio virtual, almacenamento, etc.)
- Renovar a solución wifi garantindo a cobertura en todo o edificio do PG, facilitando a conexión dos usuarios a ela asegurando o cumprimento das normas de seguridade de aplicación.
- O mantemento de todo o equipamento e de todos os servizos recollidos neste PPT.

3 Electrónica de rede e conectividade sen fíos

3.1 *Situación actual*

[21]. Neste apartado recóllense as características e configuración actual da electrónica de rede e da solución de conectividade sen fíos que se atopan actualmente en produción no PG.

3.1.1 ELECTRÓNICA DE REDE

[22]. Actualmente o PG conta cunha topoloxía física tradicional en estrela. A rede está segmentada en diferentes VLAN.

[23]. O resumo do equipamento de rede do PG é o seguinte:

- 2 chasis Avaya 8310 cunha configuración activo/pasivo e conexión con fibra óptica (fibra multimodo 62.5/125 con conectores ST e fibra multimodo 50/125 con conectores SC) a cada unha das pilas de switches dos armarios de planta. Cada un dos chasis conta con 3 fontes de alimentación redundantes e as conexións de fibra tamén están redundadas en cada un deles. Fisicamente, os chasis atópanse instalados no centro de procesamento de datos (CPD) do PG.

- Sobre os chasis atópanse instalados 5 switches Avaya 8348TX-PWR de 48 portos 10/100 con PoE (Power over Ethernet), 1 switch Avaya 8324GTX de 24 portos 10/100/1000, 2 switches de fibra Avaya 8393SF/256 de 8 bocas
- Racks de planta conectados en estrela cos chasis do CPD:
 - Rack de audiovisuais: 4 switches Avaya 470-48T-PWR de 48 portos con PoE, velocidade 10/100 e configuración en cadea.
 - Rack de presidencia: 3 switches Avaya 470-48T-PWR de 48 portos con PoE, velocidade 10/100 e configuración en cadea. 1 switch Trapeeze Mobility Exchange MX-216
 - Rack de intervención: 3 switches Avaya 470-48T-PWR de 48 portos con PoE, velocidade 10/100 e configuración en cadea. 1 switch Trapeeze Mobility Exchange MX-216.
 - Rack de reprografía: 4 switches Avaya 470-48T-PWR de 48 portos con PoE, velocidade 10/100 e configuración en cadea.
 - Rack de seguridade: 2 switch Avaya 470-48T-PWR de 48 portos con PoE e velocidade 10/100 e configuración en cadea.
- 1 switch Avaya Cajun de 48 bocas, velocidade 10/100, para dar soporte á sala de prensa
- 2 switches HP Procurve 2910al-48G de 48 bocas 10/100/1000 para conexión cos servidores internos e 2 switches HP Procurve 2910al-24G de 24 bocas 10/100/1000 para conexión cos servidores de DMZ.

3.1.2 CONECTIVIDADE WIFI

[24]. A actual solución de conectividade sen fíos implantada no PG conta coas principais características que se detallan neste punto.

[25]. A solución está constituída por un sistema de comunicacións sen fíos Trapeze Moblity System conformada polo seguinte equipamento hardware e software:

- 2 unidades de conmutador Trapeze MX-216, situados nas localizacións indicadas no apartado anterior

- 52 unidades de puntos de acceso (AP) Nortel 2330A, con frecuencia 2.4/5Ghz
- Software de xestión RingMaster, versión 7.0, con todas as licenzas precisas para a administración dos puntos de acceso

[26]. Os puntos de acceso están distribuídos por todo o edificio do PG, con base nun estudo de coberturas, para garantir a cobertura wifi nel. Así mesmo, é posible realizar roaming de dispositivos entre diferentes puntos de acceso.

[27]. Existen definidos 2 SSIDs (Service Set Identifier) diferentes para usuarios invitados e usuarios con contas do dominio do PG.

[28]. No Hemiciclo do PG existen problemas de cobertura, debido á grande densidade de dispositivos cando se realizan reunións do Pleno do Parlamento.

[29]. O PG dispón de planos en formato CAD coa distribución dos AP no edificio do Parlamento. Os licitadores poderán solicitar a consulta de ditos planos para poder axustar as súas ofertas.

3.2 Solución de rede cableada

3.2.1 SUBMINISTRACIÓN HARDWARE

[30]. A solución deberá manter a topoloxía física actual do PG.

[31]. Todos os enlaces entre os compoñentes da plataforma teñen que ser redundantes e de alta capacidade (10 Xbps). Os licitadores deberán comprobar que as actuais fibras soporten as ditas capacidades, e, de non ser o caso, correrá pola súa conta a substitución delas. O adxudicatario deberá **entregar unha certificación dos enlaces ópticos**, unha vez validados/actualizados.

[32]. Deberá estar garantida a dispoñibilidade de acceso á rede en caso de fallo dalgún dos compoñentes que integren o equipo ou equipos instalados e cada pila estará conectada de forma independente e redundada ao Core.

[33]. Inicialmente manterase o plan de direccionamento do PG. De ser precisa a realización de modificacións, estas realizaranse logo da aprobación formal por parte do Servizo de Tecnoloxías da Información.

[34]. O equipamento de backbone estará constituído por 2 equipos completamente redundados, cunha configuración activo/pasivo. Cada un dos equipos terá as seguintes características mínimas:

- Montaxe en rack 10U
- Capacidade de conmutación: ata 880 Gbps, enrutamento en IPv4 720Mpps, enrutamento IPv6 390 Mpps
- Capacidade de crecemento ata 7 slots
- Capacidade para soportar conexións a 10G/40G/100G
- Capacidade Rutas IPv4 : 256000 | Rutas IPv6 : 128000 | Interfaces virtuais (VLAN) : 4000 | Entradas multicast (IPv4) : 128000 | Entradas multicast (IPv6) : 128000 | Direccións MAC : 128000
- Deseño modular, soporte de NAT, asistencia técnica VPN, soporte de MPLS, snooping IGMP, soporte IPv6, soporte de Access Control List (ACL), Quality of Service (QoS), MPLS VPN
- Cumprimento de normas IEEE 802.1x
- Memoria interna: 2GB
- Memoria Compact Flash para gardar a configuración: 1GB
- Número de portos de fibra 10G: 32 portos SFP/SFP+, convertibles en 8 portos QSFP
 - Buffer de TX cun mínimo de 250MB por porto
 - 160Gbps de capacidade por slot
- Módulos SFP necesarios para os portos de fibra
- Número de portos 10/100/1000 GE, RJ45: 48 (todos os portos con POE+)
 - 1,5MB port buffering
 - 40Gbps capacidade do slot
- Fonte de alimentación e ventiladores redundados e conectables en quente. Cada unha das fontes con 3kW de potencia. Cables de alimentación.
- Inclusión de todas as licenzas precisas para todos os portos, e o sistema operativo dos equipos.

[35]. Deberán incluírse 17 switches de rede para substituír os Avaya 470-48T, máis un que quedará á disposición do Parlamento para a súa substitución en caso de avaría ou novas necesidades. Estes switches teñen que estar configurados en pilas co mesmo número de portos que os actuais. As características mínimas de ditos switches son as seguintes:

- 48 portos 10/100/1000 con soporte de POE+ (Power Over Ethernet Plus)
- 2 portos 10 Gigabit Ethernet con SFP+. Débese incluír os módulos SFP para interconectar as pilas de switch co core de rede do PG.
- 2 portos RJ45 para xestión e consola
- Ancho de banda de stacking: 160 Gbps
- Posibilidade de ter ata 5 unidades na mesma pila, existindo redundancia do plano de control entre os elementos dunha mesma pila
- Fonte de alimentación redundante (mínimo de 740W PoE e 1KW na secundaria), e ventiladores redundados e conectables en quente. Débense incluír os cables de alimentación necesarios.
- Memoria flash: 128MB
- Memoria principal: mínimo 512MB
- Portos de consola: USB (tipo B) e RJ45
- Porto de xestión: RJ45 10/100 Mbps
- Soporte de capa 3 de rede
- Soporte para VoIP (Voice over IP)
- Calidade de servizo (QoS)
- Soporte de características orientadas ao usuario: autenticación de usuario, Vlans privadas e control de MACs nos portos
- Soporte do estándar de aforro enerxético 802.3az
- Posibilidade de xestión remota a través de SNMP, SSH, web
- Compatibilidade con IPv6
- Inclusión de todas as licenzas precisas para todos os portos

[36]. A solución arquitectónica deberá consistir na creación dun clúster dos dous equipos de backbone que actúe coma unha única entidade lóxica, empregando enlaces de alta capacidade para a conexión entre ambos os equipos (10 Gigabit Ethernet). Os

dous equipos estarán completamente sincronizados, e garantírase o funcionamento da infraestrutura aínda que se produza algún fallo nun deles.

[37]. A solución aumentará a eficiencia operativa:

- Punto único de xestión
- Só se realizará unha configuración das políticas no clúster, non nos nodos individuais deste.
- Eliminación da dependencia de Spanning Tree Protocol (STP), e dos problemas asociados pola xeración de bucles de rede

[38]. Así mesmo, fusionaranse os switches de backbone e os switches de acceso das diferentes pilas nunha soa entidade lóxica, cun único punto de configuración, xestión e resolución de problemas. A solución simplifica a rede corporativa do PG mediante a incorporación da simplicidade de deseño, despregamento e operación e permite liberar recursos para dedicar a outras tarefas. Os principais beneficios que se deberán conseguir con esta aproximación son:

- Un único punto de configuración e administración
- Unha única imaxe de software a través das capas de distribución e acceso (consistencia da configuración)
- Posibilidade de aprovisionamento dos switches de acceso sen necesidade de configuración, ao ser esta única e compartida para todos os elementos da solución.
- Configuración automática dos uplinks na capa de acceso.
- Redución dos dominios de colisións.
- Infraestrutura áxil na capa de acceso, con consistencia hardware e de funcionalidades.
- Aprovisionamento automático da imaxe dos conmutadores de acceso.

[39]. Os licitadores deberán incluír nas súas ofertas todo o material preciso para a correcta configuración da subministración, incluíndo fibras, cables de stacking, sfp's, etc. Todo o equipamento e o material preciso para a súa interconexión deberá quedar perfectamente identificado e etiquetado. Rematada a instalación, o adxudicatario deberá entregar toda a **documentación correspondente á configuración realizada**

e a relación dos números de serie de todo o equipamento, xunto coa súa localización física.

- [40]. Toda a electrónica de rede subministrada deberá ser do mesmo fabricante.
- [41]. O adxudicatario deberá encargarse de realizar a migración dos servizos dos switches actuais aos novos switches que subministre, de xeito que unha vez realizado a subministración e a súa configuración o PG obteña unha solución totalmente funcional.
- [42]. Para conseguir unha solución totalmente funcional o adxudicatario deberá ter en conta que será preciso realizar adaptacións na configuración da dobre barreira de devasas corporativas do PG.

3.3 Solución de rede sen fíos

- [43]. A solución a implantar no PG debe estar baseada nun deseño centralizado con controladores en alta dispoñibilidade mantendo a sesión dos usuarios.
- [44]. Todo o material subministrado para configurar a solución debe ser dun único fabricante.

3.3.1 CONTROLADORAS

- [45]. As controladoras instalaranse no CPD do PG cunha configuración en alta dispoñibilidade e deberán ter as seguintes características hardware mínimas:
- Espacio ocupado: 1U
 - Fonte de alimentación redundante
 - Throughput: 20 Gbps
 - Número de APs soportados: ata 1500
 - Densidade de clientes: ata 20000 clientes
 - 2 portos USB 3.0
 - 2 portos Ethernet 10/100/1000
 - 2 portos SFP+
 - Porto serie de xestión
 - Saída VGA

- [46]. Deberá ser posible realizar agregación de portos LAG (Link Aggregation Group) entre as dúas interfaces 10G das controladoras.
- [47]. O adxudicatario deberá aprovisionar as controladoras e configurar a solución en alta dispoñibilidade. Ambas as controladoras terán a mesma configuración e só unha delas estará activa, pero ante unha caída deberá balancearse o servizo á controladora que se atopa en *stand by* de xeito transparente, sen perda de servizo.
- [48]. As controladoras estarán conectadas, de xeito redundado aos switches que conforman o backbone do PG, cuxas características se definen no apartado 3.2 Solución de rede cableada, mediante trunk ports.

3.3.2 PUNTOS DE ACCESO

- [49]. Os licitadores poderán realizar un estudo de cobertura wifi inicial, tendo en conta as singularidades do edificio do PG, para garantir a cobertura en toda a sede.
- [50]. De acordo cos estudos realizados polo PG, solicítase inicialmente a subministración de **70 puntos de acceso**, ou a cantidade que resulte do estudo previo. Se o número de puntos de acceso non for suficiente para garantir a cobertura, o adxudicatario terá que subministrar, sen custo para o PG, os puntos de acceso precisos.
- [51]. Existen determinadas zonas do PG (principalmente o hemiciclo, salón dos reis, sala Quessada, salas de comisións, etc.) cunha alta densidade de dispositivos, polo que será preciso avaliar as medidas e equipos que se implantarán para garantir a cobertura neles. Xúlganse necesarios un 70 % de puntos de acceso de alta densidade e un 30 % para zonas de paso.
- [52]. Os puntos de acceso de alta densidade terán as seguintes características mínimas:
- 802.11ac Wave 2 con tecnoloxía MU-MIMO (Multiple User - Multiple-input Multiple-output) 4x4, soportando 3 fluxos espaciais (Spatial Streams). Ata 5.2 Gbps
 - Antenas integradas de 2.4 GHz e 5 GHz
 - Porto de xestión (RJ45)
 - 2 portos RJ45 10/100/1000BASE-T autosensing
 - Indicadores led de estado (iniciado, asociado, avisos, erros...)
 - Número de clientes soportados: 400 por radio

- Canais de 20, 40, 80 e 160 Mhz
- Capacidade de radios duais a 5 Ghz
- Memoria: 256 MB de memoria flash e 1 GB de memoria DRAM
- 802.3at PoE+
- Maximal Ratio Combining (MRC)
- 802.11ac beamforming
- Agregación de paquetes: A-MPDU (Tx/Rx), A-MSDU (Tx/Rx)
- 802.11 DFS (Dynamic Frequency Selection)
- Soporte de CSD (Cyclic Shift Diversity)

[53]. Os puntos de acceso para as zonas de paso, con baixa densidade de usuarios, terán as seguintes características mínimas:

- 802.11ac Wave 2 con tecnoloxía MIMO (Multiple-input Multiple-output) 4x4, soportando 4 fluxos espaciais (Spatial Streams). Ata 1.7 Gbps (80 MHz in 5 GHz)
- Antenas integradas de 2.4 GHz e 5 GHz
- Porto de xestión (RJ45)
- 2 portos RJ45 10/100/1000BASE-T autosensing
- Indicadores led de estado (iniciado, asociado, avisos, erros...)
- Número de clientes soportados: 200 por radio
- Memoria: 256 MB de memoria flash e 1 GB de memoria DRAM
- 802.3at PoE+
- Maximal Ratio Combining (MRC)
- 802.11ac beamforming
- Agregación de paquetes: A-MPDU (Tx/Rx), A-MSDU (Tx/Rx)
- 802.11 DFS (Dynamic Frequency Selection)
- Soporte de CSD (Cyclic Shift Diversity)

[54]. Todos os puntos de acceso usarán unha análise do espectro en tempo real para identificar e localizar fontes de interferencia, adoptando medidas para reducir os efectos delas e mellorar a experiencia de rede dos usuarios.

- [55]. Valorarase que os licitadores inclúan, a maiores dos puntos de acceso precisos segundo o estudo de cobertura, 2 puntos de acceso de alta densidade para tarefas de soporte *in situ* e ante necesidades de eventos extraordinarios.

3.4 Plataforma integrada de xestión de rede

- [56]. Requírese a inclusión dunha da plataforma de xestión integrada da rede fixa e wifi. A dita plataforma deberá configurarse para permitir a automatización de procesos, especialmente no relativo á seguridade.

- [57]. Este software de xestión deberá ter, polo menos, as seguintes funcionalidades:

- Descubrimento, monitorización e xestión de rede, permitindo visualizacións da rede, segundo a topoloxía.
- Xestión en tempo real de VLAN.
- Posibilidade de accións simultáneas en varios dispositivos de maneira fácil e intuitiva.
- Xestión e configuración por portos, equipos, grupos de equipos, usuarios, etc.
- Xestión de software. Planificación, distribución e monitorización de actualizacións de software.
- Servizo de auditoría con almacenamento de información e aviso de cambios na rede; elaboración de informes.
- Localización física de máquinas (MAC), enderezos (IP) e usuarios (802.1x).
- Ferramenta de inventario con información de versións de firmware existentes.
- Procura en tempo real por MAC, IP, usuarios autenticados, etc.
- Xestión de recursos mediante a aplicación de políticas de QoS e filtros mediante a definición de políticas.
- Solución centralizada cunha base de datos única para todas as ferramentas de xestión.

- [58]. A plataforma permitirá o descubrimento, inventario, configuración, mantemento e auditoría tanto da infraestrutura cableada como sen fíos. Así mesmo, será posible xestionar a configuración dos puntos de acceso e monitorizar o rendemento da rede wifi, os dispositivos que se conectan e o tráfico que se transmite.

- [59]. A través da interface web da plataforma deberá ser posible actualizar os puntos de acceso, realizar capturas de paquetes de datos para detectar e resolver problemas de conectividade/rendemento, elaborar mapas de calor para determinación do grao de cobertura e exportar a documentos locais (pdf, csv,...) os informes xerados a través da ferramenta.
- [60]. Debe ser posible a xestión centralizada de políticas para a autenticación e autorización de usuarios. Así mesmo, deberá proveerse un mecanismo para a creación de contas de acceso temporais para usuarios invitados en modo autoservizo, de xeito sinxelo para os usuarios e sen intervención do persoal do Servizo de Tecnoloxías da Información.
- [61]. Para o acceso de dispositivos non xestionados polo PG incorporaranse as medidas de verificación de cumprimento para permitir a conexión á rede do PG, seguindo as directrices do Documento de Seguridade do PG e das diferentes normativas de desenvolvemento deste.
- [62]. Actualmente existen dous SSID no PG. Un deles permite o acceso de usuarios internos a través das súas credencias do directorio activo (AD) e o outro emprégase para o acceso de persoal/dispositivos externos. Na configuración final deben manterse estes SSID.
- [63]. A solución ten que dispor de servizos de acceso a través de portais cativos, permitindo o uso de políticas de filtrado por SSID, usuario, aplicación, etc.
- [64]. Os licitadores deberán detallar nas súas ofertas todas as funcionalidades que se implementarán e incluírán a subministración e o mantemento, durante toda a vixencia do contrato, de todas as licenzas precisas para tales efectos.
- [65]. Ao remate da instalación, o adxudicatario deberá entregar unha certificación formal asinada que acredite que a solución permite realizar unha conexión sen fíos dende calquera punto do edificio.

3.5 Solución de seguridade no control de acceso

- [66]. A implementación da solución de rede supón non só a subministración e instalación de equipamento hardware e licenzas, senón tamén a súa configuración. Neste apartado, resulta de grande importancia proporcionar mecanismos de control de seguridade para obter unha solución homoxénea e consistente (converxencia de acceso), asegurando a conformidade coas políticas de acceso dos dispositivos/usuarios que acceden á rede.
- [67]. O obxectivo da solución é proporcionar o tipo de acceso adecuado para cada escenario. En despregamentos deste tipo hai que ter en conta os equipos a través dos cales se realiza o acceso (NAD, Network Access Device), o proceso de identificación do usuario, o proceso de identificación do dispositivo co que o usuario accede á rede, a identificación do estado de saúde dun dispositivo e o conxunto de restricións que se van aplicar no NAD despois de todas as fases de avaliación (VLAN, listas de Acceso, QoS, etc.)
- [68]. Por estes motivos o PG quere realizar o despregamento de equipamento que permita realizar o control de acceso á rede corporativa dos dispositivos. Os requisitos que debe cumprir a solución que se implementará son:
- O sistema debe ser capaz de controlar cando un usuario está a utilizar un dispositivo corporativo do PG.
 - Un usuario ou cliente corporativo debe poder autenticarse usando credenciais. cacheadas nun sistema operativo Windows ou usando certificados dixitais.
 - O sistema debe proporcionar un portal de provisión de usuarios convidados.
 - O sistema debe proporcionar ferramentas de personalización do portal cativo.
 - O sistema debe permitir asignar unha VLAN en función do usuario ou dispositivo.
 - O sistema debe permitir asignar unha lista de acceso en función do usuario ou dispositivo.
 - O sistema debe permitir asignar etiquetas de grupo de seguridade en función do usuario ou dispositivo.
 - O sistema debe permitir asignar unha política de QoS no NAD en función do usuario ou dispositivo.
 - O sistema debe ter a capacidade de actualizar automaticamente os datos de perfís para novos dispositivos que poidan aparecer na rede (novos dispositivos móbiles, teléfonos IP, impresoras, etc.).

- O sistema debe ser capaz de usar información da monitorización da rede para xerar os seus perfís sen necesidade de SPAN de tráfico.
- O sistema debe poder distribuír aos NAD o recoñecemento de devanditos perfís na rede sen fíos.
- O perfilado de equipos e os seus criterios de identificación debe poder ser configurable na propia ferramenta.
- O sistema debe poder realizar autenticacións antes de calquera outro tipo de actividade de rede para reducir o risco de accesos inseguros.
- O sistema debe integrarse cos cortalumes corporativos do PG.
- O sistema debe estar integrado coa plataforma de xestión definida no apartado 3.4
Plataforma integrada de xestión de rede

[69]. Os licitadores deberán incluír nas súas ofertas todo o hardware e software precisos para acadar os requisitos mínimos requiridos para esta solución e realizar o mantemento deles durante a vixencia do contrato.

[70]. O adxudicatario deberá entregar unha memoria técnica co deseño da solución implantada, detallando a arquitectura dela, as medidas propostas e o procedemento que se segue para realizar o control de acceso á rede corporativa do PG por parte dos usuarios/dispositivos.

3.6 Plan de implantación

[71]. Será obrigatoria a **presentación dun plan de instalación e configuración inicial da solución**, detallando nel a estratexia de implantación, así como calendario das actuacións previas, de instalación e posteriores. O plan de instalación incluírá, así mesmo, o detalle das tarefas que se realizarán, a duración destas, os recursos dedicados a cada unha delas, a orde de realización, a documentación xerada e os resultados de configuración.

[72]. Este plan será aceptado polo Parlamento de Galicia, podendo propoñer as modificacións que estime oportunas, que deberán ser aceptadas obrigatoriamente polo adxudicatario.

- [73]. O adxudicatario será responsable da instalación da solución no seu conxunto así como a súa interconexión incluíndo os elementos necesarios de acordo coas especificacións proporcionadas polo PG.
- [74]. O PG establecerá os días e os horarios nos que se realizarán as intervencións que requiran presenza física no CPD ou cortes do servizo. O adxudicatario tratará de minimizar o número e duración dos cortes en coordinación co persoal do PG.
- [75]. O adxudicatario deberá adaptarse á política de seguridade do PG e á normativa vixente en materia de protección de datos e a relativa ao Esquema Nacional de Seguridade durante a execución do proxecto.

3.6.1 PRAZO DE ENTREGA

- [76]. O prazo máximo para a execución da subministración (subministración, configuración totalmente funcional, formación e documentación) será de **catro meses** desde a data do asinamento do contrato.

3.7 Formación

- [77]. Os licitadores incluírán nas súas ofertas un plan detallado de formación presencial sobre a configuración, administración e uso da subministración hardware e software da rede cableada e wifi.
- [78]. O plan de formación contará cun mínimo de 10 horas e será impartido por persoal experto na materia.
- [79]. O PG indicará o persoal que debe recibir a formación relativa a esta contratación. Non existirá límite en canto ao número de persoas que recibirán a formación.

3.8 Documentación

- [80]. No documento de alcance do proxecto definirase a documentación que deberá entregar o adxudicatario.
- [81]. Como mínimo, a documentación que deberá entregar incluírá: mapas de conxicionado físico, configuracións lóxicas dos equipos, mapas de equipamento con part number e números de serie de equipos e tarxetas instaladas, temas pendentes e

deficiencias ou problemas atopados, etc. Entregarase a documentación detallada do estado no que queda o equipamento tras a instalación e posta en servizo del.

- [82]. Toda a documentación estará suxeita á aprobación do responsable do proxecto por parte de PG.
- [83]. Ademais será obrigatorio realizar toda a documentación requirida por Explotación para proceder ao "paso a produción" do equipamento no formato que o Servizo de Tecnoloxías da Información determine no seu momento.
- [84]. A documentación que debe entregar o adxudicatario pasará a ser propiedade exclusiva do PG sen que o contratista poida conservala, nin obter copia dela ou facilitala a terceiros sen a expresa autorización do PG.
- [85]. O adxudicatario comprométese a entregar o número de exemplares no soporte da documentación que determine o PG.

3.9 Garantía

- [86]. O período de garantía do material subministrado, da configuración establecida para o mesmo e das licencias software será de **2 anos**.

3.10 Mantemento

- [87]. O período de mantemento da solución será desde a data de sinatura da acta de recepción ata a finalización do contrato.
- [88]. Para todo o material que o adxudicatario subministre ou se encargue de manter deberá, ademais, durante a vixencia do contrato, instalar todas as actualizacións software que se vaian liberando. Será a súa obriga comunicarlle ao PG a existencia das devanditas actualizacións e a súa adquisición (de ser o caso), instalación e configuración, que correrán pola súa conta, e non serán en ningún caso imputables economicamente ao PG.
- [89]. Ningún dos labores de mantemento implicarán un custo adicional para o PG.
- [90]. Considérase necesaria a inclusión dunha proposta de compromisos de calidade do servizo, que utilice as variables que se definen a seguir:

- Garantía nos prazos de instalación. Parámetros que indican o grao de cumprimento nos prazos de implantación de cada un dos servizos.
- Disponibilidade do servizo. Parámetros que indican a porcentaxe de tempo en que para un período establecido como mensual os servizos se prestan coa calidade adecuada.
- Xestión de incidencias. Parámetro que detalla o tempo transcorrido desde o aviso dunha incidencia no servizo ata a súa resolución completa.

[91]. O licitador ofrecerá un servizo de xestión técnica e de incidencias preferente consistente na provisión dun número de teléfono e dun enderezo de correo electrónico personalizados (é dicir, atendidos sempre por unha persoa responsable, e un grupo de soporte) co fin de atender as chamadas para o efecto que poidan facerse en horario laboral habitual (desde as 9.00 h ata as 20.00 h).

[92]. Durante a vixencia do período de mantemento o adxudicatario fornecerá ao PG os parches e actualización precisas para a seguridade e dispoñibilidade óptimas dos sistemas.

3.10.1 TEMPOS DE RESPOTA E RESOLUCIÓN DE INCIDENCIAS

[93]. O PG será o encargado de establecer os niveis de prioridade para as incidencias que se poidan producir. Os 3 tipos de niveis de prioridade posibles son os seguintes:

- Prioridade 1: Defínese como máxima prioridade (tipo 1) aquela que lle corresponde a un equipo totalmente fóra de servizo e que afecta un servizo crítico ou un conxunto de equipos electrónicos elevado.
- Prioridade 2: Defínese como prioridade media (tipo 2) aquela que lle corresponde a un equipo total ou parcialmente fóra de servizo e que afecta un conxunto de equipos electrónicos intermedio dun servizo non crítico.

- Prioridade 3: Defínese como prioridade baixa (tipo 3) aquela que lle corresponde a unha situación na que a incidencia afecta de forma parcial un conxunto reducido de equipos electrónicos dun servizo non crítico.

[94]. Para os efectos do establecemento dos tempos de resposta e resolución das incidencias, as definicións destes conceptos son as seguintes:

- Tempo de resposta: é o tempo que transcorre desde a notificación dunha incidencia ao equipo de soporte ata que este toma coñecemento dela e inicia as tarefas de resolución.
- Tempo de resolución: é o tempo que transcorre desde a notificación da incidencia ata a completa resolución dela e a súa notificación ao usuario.

[95]. Para o caso de incidencias relativas ao hardware, os tempos de resposta e resolución para cada incidencia, baseándose nos niveis de gravidade desta, serán os seguintes:

Nivel de gravidade	Tempo de resposta	Tempo de resolución
Prioridade 1	5 minutos	1 hora
Prioridade 2	30 minutos	2 horas
Prioridade 3	1 hora	4 horas

Táboa 1. Tempos de resposta e resolución hardware

[96]. Para o caso de incidencias relativas ao software, os tempos de resposta e resolución para cada incidencia, baseándose nos niveis de gravidade desta, serán os seguintes:

Nivel de gravidade	Tempo de resposta	Tempo de resolución
Prioridade 1	5 minutos	45 minutos
Prioridade 2	30 minutos	1 hora e 30 minutos
Prioridade 3	1 hora	4 horas

Táboa 2. Tempos de resposta e resolución hardware

3.10.2 SUBSTITUCIÓN E CAMBIOS

[97]. No caso de que exista unha avaría hardware durante a vixencia do contrato, o adxudicatario estará obrigado a substituír o material avariado por outro de prestacións iguais ou superiores.

[98]. A configuración do novo equipamento deberá ser exactamente igual que a do material avariado e o establecemento dela correrá por cargo do adxudicatario, non sendo imputable ningún custo ao PG.

[99]. De existir posibilidade de reparación dunha avaría hardware, o adxudicatario prestaralle, sen custo para o PG, equipamento de prestacións iguais ou superiores durante o tempo que dure a dita reparación e coa mesma configuración que se atopaba en produción.

3.11 *Requirimentos xerais do material fornecido*

[100]. Para todas as subministracións detalladas no apartado 3 Electrónica de rede e conectividade sen fíos e, en xeral, para calquera equipamento incluído neste PPT, o adxudicatario debe garantir que estes:

- Proceden da canle autorizada polo fabricante.
- Son elixibles para a garantía do fabricante.
- Son elixibles para recibir soporte do fabricante e o servizo de acordo coas políticas do fabricante.
- O equipamento fornecido estará acompañado dunha licenza de software válida.
- Cumpre coa normativa europea aplicable no seu caso.
- O fabricante está informado de que se venden ao devandito cliente.

[101]. O provedor deberá proporcionar unha confirmación escrita emitida polo fabricante de que é distribuidor autorizado para vender o equipamento.

[102]. A empresa adxudicataria facilitará polo menos un identificador de usuario que permita acceder ao servidor do fabricante con privilexios suficientes para descargar os ficheiros de software correspondentes a todos os códigos de produto que se atopen incluídos no contrato de mantemento, que son todos os que compoñen a solución técnica ofertada. En virtude deste servizo, terase dereito a instalar en calquera dos elementos incluídos no contrato de soporte calquera tipo de software

ou firmware, e en particular “major releases”, “minor releases” e “maintenance releases”, así como “parches”, “bug-fixes”, etc., sempre que non se modifique a licenza (“licensed feature set”) que autorízase o elemento e non se incumpran as normativas e regulacións do fabricante. A empresa adxudicataria non poderá fixar limitacións adicionais no número, versións ou tamaño dos ficheiros descargados.

[103]. A empresa facilitará polo menos un identificador de usuario (que poderá ser o mesmo do apartado anterior) que lle permita o acceso rexistrado á web de soporte técnico do fabricante, así como o acceso á información técnica dispoñible e ás ferramentas *on line* deste, incluíndo o acceso ao seguimento de casos ou incidencias. O dito identificador de usuario deberá permitir consultar información técnica relativa aos códigos de todos os elementos incluídos no contrato.

4 Telefonía fixa e Internet

4.1 Introducción

[104]. Este apartado recolle as principais características dos servizos de voz e datos a través de redes de telefonía fixa e acceso á Internet cos que conta o PG. O obxecto deste PPT é describir as principais características dos equipos de voz, datos e acceso á Internet e dos servizos en produción na actualidade.

[105]. Os licitadores deberán manter todo o equipamento de voz e datos que existe no PG, as licenzas precisas e a prestación do servizo de telefonía fixa e acceso a Internet corporativo.

4.2 Central de telefonía fixa

[106]. A central de telefonía IP está formada por:

- Dous servidores modelo C200M2 Cisco (Cisco Unified Computing System). Enlace mediante troncal SIP. Non existe soporte de enlaces primarios.
- Ferramenta de xestión avanzada Cisco Unified Operations Manager 8.x sobre a plataforma C200M2.

- Dous encamiñadores Juniper EX4200, configurados mediante HRSP (Hot Standby Router Protocol), como punto de conexión coa rede do operador. Este material é propiedade do actual adxudicatario do servizo
- Dous switches Cisco 2960 (propiedade do actual adxudicatario do servizo) para a creación da infraestrutura de elementos activos necesaria para dotar ao PG dunha LAN con portos Ethernet xestionados. Esta LAN emprégase en exclusiva para a interconexión dos elementos da solución nos que se require unha xestión remota:
 - Servidores de chamada
 - Servidores de aplicación e outros servizos de valor engadido, entre os que se inclúen os servidores de aplicacións, coma o servidor do servizo de operadoras
 - Gateways do servizo Ibercom IP.
- Un switch Cisco 2901 para a xestión de servizos de continxencia/backup, propiedade do actual adxudicatario do servizo
- Un servidor HP DL360 G6 como servidor de operadora
- Dous Cisco VG 224, para a iluminación de leds analóxicos de chamada asociados ás extensións IP situadas no hemisiciclo do PG
- Dous Cisco Unified Communications Manager (CUCM).
- Cisco CUEAC (Cisco Unified Enterprise Attendant Console)
- Interconexión da central de comunicacións coa rede móbil a través dun enlace SIP (90 canais).

[107]. A solución implantada é unha solución completamente IP, de “nube privada”, na que todas as máquinas están duplicadas, o software instalado sobre máquinas virtuais VMWare e o **tráfico encamiñado a través das devasas do PG e segmentado en diferentes VLANs** para aumentar a seguridade da solución.

[108]. Existen, ademais, 12 liñas como backup para poder realizar chamadas no caso de que se produza unha caída do servizo, que os licitadores deberán manter. Estas liñas poderán ligarse aos teléfonos que determine o PG.

[109]. Os licitadores incluírán nas súas ofertas o equipamento preciso, o mantemento deste e das licenzas precisas para garantir a conectividade. Así mesmo, deberán adaptar a instalación para a interconexión coa súa rede propia, incluíndo, se for preciso, equipamento e licenzas a maiores para que a solución sexa completamente funcional.

[110]. Non se admitirán solucións que impliquen a instalación, ou o emprego de enlaces primarios.

4.2.1 CIFRADO DAS COMUNICACIÓNS

[112]. A solución implantada con Cisco Call Manager garante a integridade das comunicacións extremo a extremo, permitindo entre outras funcións de seguridade a encriptación da comunicación terminal a terminal así como a integridade desta e da sinalización asociada.

[113]. Na solución inclúense as licenzas e equipamentos necesarios para a autenticación (de ficheiros, de dispositivos e de sinalización) e o cifrado (de medios de ficheiros e de sinalización)

[114]. Deste xeito pódese evitar:

- a suplantación da identidade de teléfonos e servidores
- a manipulación de datos, en concreto a manipulación da sinalización de chamadas e de medios
- a perda de confidencialidade

[115]. A autenticación realízase mediante a utilización de certificados de chave pública (infraestrutura de chave pública ou PKI), que son emitidos por unha autoridade de certificación (CA) que é Cisco. Os certificados de chave pública son conformes á norma X509 v3.

[116]. Os servidores Call Manager, e o servidor TFTP, dispoñen dunha parella de chaves, unha pública e outra privada, xeradas por eles mesmos e do seu certificado de chave pública emitido tamén por eles mesmos.

[117]. En resumo, as prestacións da solución son as seguintes:

- Autenticación: entre o CUCM e os dispositivos pódese comprobar que cada un é quen di ser. Autenticación de dispositivo, sinalización, ficheiros, imaxes.
- Autenticación de ficheiros: o servidor TFTP asina os ficheiros que se descargan os teléfonos (lista de tons, de configuración, lista CTL, etc.). O teléfono pode comprobar a sinatura, e así asegurarse de que non houbo manipulación do ficheiro. A conexión entre o teléfono e o dispositivo é TLS.

- Autenticado e integridade da sinalización SCCP e SIP, utilizando o protocolo TLS; tamén hai cifrado da sinalización SCCP e SIP entre o CUCM e os dispositivos.
- Cifrado de medios (audio): Con Secure Real-time Transport Protocol (SRTP). Para que se dea o cifrado do audio, debe soportarse autenticación e cifrado da sinalización nos dispositivos implicados.
- Para a administración vía web sopórtase HTTPS (HTTP sobre SSL)
- Utilízase o protocolo SSH v2 (en lugar de telnet): Autenticación e cifrado para xestión.
- Sopórtase SNMP v3: Protocolo SNMP con autenticación e cifrado

[118]. As comunicacións de voz están cifradas extremo a extremo e existe unha configuración que encamiña as chamadas a través dos cortalumes do PG para garantir a seguridade das chamadas.

[119]. Os licitadores deberán incluír nas súas ofertas o mantemento do equipamento e as licenzas precisas para asegurar a confidencialidade, integridade e seguridade das comunicacións durante a vixencia do contrato. Así mesmo, deberán manter a actual configuración de cifrado das comunicacións.

4.3 Terminais fixos

[120]. Na Táboa 3. Número de terminais, recóllese o número de terminais fixos cos que conta o PG na actualidade. Todos os teléfonos están **configurados baixo o protocolo SIP**.

Modelo de terminal	Cantidade
Cisco IP Phone 6901	34
Cisco IP Phone 6921	191
Cisco IP Phone 7965G	135
Módulo de expansion 7916	21
Cisco Unified IP Iphone 9951	2
Cisco IP Phone 7962	2

Táboa 3. Número de terminais

[121]. O adxudicatario encargarse do mantemento de dito equipamento durante a vixencia do contrato.

[122]. Cabe sinalar que no hemicycle do PG existen inhibidores e que polo tanto os teléfonos móbiles non funcionan nesta localización. Por este motivo **non se admiten solucións móbiles para proporcionar o servizo de telefonía fixa.**

[123]. Os licitadores deben incluír nas súas ofertas os prezos unitarios máximos de cada un dos terminais (da maneira disposta no apartado décimo sexto do cadro de especificacións do PCA), de xeito que se o PG precisa adquirir, durante a vixencia do contrato, máis unidades, a subministración deles realizarase, como moito, polo dito importe. No devandito importe tamén se incluírá o custo do servizo de instalación, configuración, mantemento anual e as licenzas asociadas; deberá detallar os custos individuais para cada terminal (terminal, mantemento anual e licenza anual). Os prezos deberán ser reais e acordes cos prezos oficiais do fabricante e en ningún caso estarán diluídos no custo do servizo, de xeito que será o prezo ao que se subministrarán as novas unidades que o PG poida solicitar. Non se aceptarán aquelas ofertas nas que todo ou parte do custo do teléfono se traslade aos custos de mantemento anual.

4.4 Licenzas

[124]. Na Táboa 4. Licenzas de usuario e servizos recóllese o número de licenzas cos que conta actualmente o PG. Os licitadores deberán incluír nas súas ofertas o mantemento de ditas licenzas **durante toda a vixencia do contrato.**

Licenzas de usuario e servizos	Cantidade
Licenza de usuario Enhanced IP, por usuario, petición tipo A	135
Licenza de usuario Essential, por usuario, petición tipo A	34
Cisco Unified Enterprise Attendant Console	2
VMware ESXi 4.0 Standard (2 CPU)	2
UC Manager Enh. UCSS Less than 1K users - 1 user	135
UC Manager Basic UCSS Less than 1K users - 1 user	191
UC Manager Ess. UCSS Less than 1K users - 1 user	33
UCSS for Attendant Console - eDelivery	1
UCSS for Enterprise Att Console - 1 Instance	2
Unified Operations Manager 8.x up to 500 IP Phone LIC-K9	1
RightFax Enterprise Suite	1
RightFax Additional Document Delivery Channel	3

Licenzas de usuario e servizos	Cantidade
Brooktrout SR-140-4F - 4 Channel FoIP Boardless Fax Solution	1

Táboa 4. Licenzas de usuario e servizos

[125]. A licenza de usuario Enhanced IP dá dereito ao usuario á utilización dun único terminal de calquera marca ou modelo, incluíndo un teléfono sobremesa, un softphone de Cisco ou dun terceiro. A licenza de usuario Enhanced IP tamén dá dereito a Mobile Connect para un usuario que ten un cliente móbil (modo dual ou Cisco Unified Mobile Communicator) ou calquera outra solución móbil de terceiras partes. Calquera usuario cun cliente móbil ou da solución móbil dunha terceira parte require unha licenza UCL enhanced.

[126]. A licenza de usuario Básica IP dá dereito ao usuario a utilizar un terminal Básico IP de Cisco (Cisco 6921 no caso do PG). Tamén autoriza á conexión móbil dun usuario que non ten ningún tipo de cliente móbil (modo dual ou Cisco Unified Mobile Communicator) ou calquera outra solución móbil de terceiros.

[127]. ESSENTIAL: Analog Device - Licenza de usuario para Terminal 6901, e licenza dunha máquina de fax, teléfonos analóxicos, conferencia, módem, etc.

4.5 Funcionalidades de telefonía

[128]. Nesta sección establécense as funcionalidade mínimas coas que conta na actualidade o servizo de telefonía fixa. O adxudicatario encargarse do mantemento e correcto funcionamento das ditas funcionalidades durante toda a vixencia do contrato; así mesmo, deberá atender as solicitudes que o PG, a través dos interlocutores designados, realice en referencia a modificacións ou posta en funcionamento das ditas funcionalidades. Entre estas funcionalidades destacan:

- Marcación abreviada: permite ao usuario a programación de ata 99 entradas para marcación abreviada. Unha vez programadas, o usuario unicamente necesita teclear o número de entrada e a tecla de marcación abreviada. Por exemplo, para

marcar o teléfono programado na entrada número 2, o usuario tecleará 2 e pulsará a tecla “Marcación abreviada”

- Locucións do sistema: o sistema proporciona unha locución en castelán ante circunstancias como número marcado inexistente.
- Compatibilidade con terminais SIP de terceiros: é posible integrar no sistema teléfonos IP SIP doutros fabricantes, mantendo un alto nivel de interoperabilidade
- Mobilidade de extensión: pódese configurar o sistema para que os usuarios se autenticuen en calquera terminal do sistema que soporte esta característica. Unha vez autenticado, o terminal terá toda a funcionalidade do usuario: liñas, números de teléfono, caixas de correos de voz, etc.
- Integración con directorio corporativo: Cisco Unified CallManager proporciona un directorio accesible tanto desde os teléfonos como desde as páxinas web de usuario, que inclúe nomes e números de teléfono dos usuarios do sistema. Esta funcionalidade está integrada co directorio corporativo do PG, de modo que Cisco Unified CallManager descarga estes datos de forma periódica.
- Directorio persoal: de forma independente ao directorio corporativo, os usuarios dispoñen dun servizo de axenda persoal, accesible tanto desde a páxina web de usuario como desde o teléfono.
- Listaxe de chamadas perdidas/contestadas/enviadas integrado con presenza: os teléfonos dispoñen de listaxe de chamadas enviadas, recibidas e perdidas. Nestas listaxes aparece unha icona por cada unha das chamadas reflectindo en tempo real o estado da extensión. Deste xeito, os usuarios poden coñecer se a extensión que lles chamou está a comunicar, ou non desexa ser molestada, sen necesidade sequera de completar a marcación.
- Indicación visual e audible de chamada: as chamadas entrantes indícanse de forma visual e sonora.

- Posibilidade de deshabilitar a indicación visual / sonora de chamada: é posible deshabilitar a indicación visual e/ou sonora das chamadas entrantes.
- Diferenciación de timbre entre chamadas externas e internas. O son de timbre é diferente para as chamadas internas e externas.
- Diferenciación de timbre entre chamadas a distintas liñas: xa que é posible configurar múltiples liñas nun mesmo teléfono, o sistema permite asignar un timbre diferente a cada unha das liñas, de modo que o usuario recoñeza a que liña lle chega a chamada sen necesidade de mirar o teléfono.
- Configuración de opcións de timbre polo usuario e mediante páxina web. O usuario pode seleccionar os timbres para cada liña, ben mediante a súa páxina web persoal, ben mediante o propio teléfono.
- Páxina web persoal dos usuarios. Para cada usuario, existe unha páxina web no sistema á que se pode acceder para modificar a configuración de usuario (desvíos, axenda, etc.).
- Encriptación de chamadas internas: o administrador pode cifrar as chamadas internas do sistema para protexer a súa privacidade. No teléfono aparecerá unha icona indicando que a chamada é segura.
- Encriptación de chamadas externas: o administrador pode cifrar as chamadas con destinos externos ao sistema para protexer a súa privacidade. No teléfono aparecerá unha icona indicando que a chamada é segura.
- Indicación visual de chamada segura: indicación que aparece no teléfono para indicar que a chamada en curso está cifrada, e por tanto é segura.
- Contestación automática de chamadas con cascos: configuración do teléfono que permite recibir as chamadas entrantes de forma automática nos cascos (o usuario non necesita descolgar).
- Configuración do teléfono que permite recibir as chamadas entrantes de forma automática no altofalante do teléfono (o usuario non necesita descolgar).

- Autoenrutado automático de chamadas en caso de conxestión (AAR): o sistema redirixe a chamada a través doutro camiño se o predefinido sofre conxestión.
- Presentación de número chamante: ao recibirse unha chamada no teléfono aparece o número desde o que se está orixinando esta.
- Presentación de nome chamante: ao recibirse unha chamada no teléfono desde outro número do sistema, aparece o nome asociado á extensión desde a que se está orixinando a chamada.
- Barge: cando varios teléfonos comparten unha liña, ao recibirse unha chamada en devandita liña, se é descolgada por un deses teléfonos, un usuario desde outro teléfono que tamén teña esa liña, pode incorporarse á chamada en curso a través dunha softkey.
- Single button barge: cando varios teléfonos comparten unha liña, ao recibirse unha chamada na devandita liña, se é descolgada por un deses teléfonos, un usuario desde outro teléfono que tamén teña esa liña pode incorporarse á chamada en curso simplemente pulsando o botón da liña.
- Soporte para BLF (Busy Lamp Field): nun teléfono pódese ter un indicador do estado doutro teléfono, o que permite saber se se atopa desocupado, comunicando, etc...
- Presenza en listas de chamadas. Estado en tempo real dos números que aparecen en calquera das listas de chamadas accesibles desde o teléfono (directorio corporativo, axenda, chamadas perdidas / enviadas/ recibidas).
- Retrochamada a extensións internas: se ao marcar unha extensión interna, esta non está dispoñible (por non contestar ou estar ocupada), o usuario recibirá un aviso cando a extensión xa estea dispoñible.
- Retrochamada a extensións externas: se ao marcar unha extensión externa, esta non está dispoñible (por non contestar ou estar ocupada), o usuario recibirá un aviso cando a extensión xa estea dispoñible.

- Retrochamada en extensións analóxicas: se ao chamar desde unha extensión analóxica a outra do sistema, esta non está dispoñible (por non contestar ou estar ocupada), o usuario recibirá un aviso cando a extensión xa estea dispoñible.
- Desvío incondicional: ao recibirse unha chamada no teléfono, esta chamada é automaticamente redirixida ao número interno ou externo que o usuario definise previamente.
- Desvío se non contesta: ao recibirse unha chamada no teléfono, se non é contestada despois dun número configurable de segundos a chamada é redirixida ao número interno ou externo que o usuario teña definido previamente.
- Desvío se ocupado: ao recibirse unha chamada no teléfono, se este está ocupado (é dicir, o número de chamadas en curso nesa liña é superior ao definido polo administrador), a chamada é redirixida ao número interno ou externo que o usuario teña definido previamente.
- Desvío se non rexistrado: ao dirixirse unha chamada a un teléfono, se este non se atopa conectado á rede (por exemplo, porque se atopa nunha sede remota que perdeu conectividade) a chamada é redirixida ao número interno ou externo que o administrador teña definido previamente.
- Desvío se usuario non conectado: ao dirixirse unha chamada a un teléfono, se o usuario non se autenticou, a chamada é redirixida ao número interno ou externo que o administrador teña definido previamente.
- Desvío se conxestión: ao iniciar unha chamada cara a un teléfono, se a rede está conxestionada, o sistema redirixirá a chamada ao número interno ou externo que o usuario teña definido previamente.
- Grupos de salto con múltiples algoritmos: os grupos de salto configúranse para permitir que unha serie de extensións reciban chamadas dirixidas a un número único. As chamadas distribúense entre as extensións do grupo seguindo diferentes criterios:

- Longest-Idle: a chamada ao grupo diríxese á extensión deste que leva máis tempo desocupada.
 - Broadcast: a chamada dirixida ao grupo recíbese en todas as extensións á vez.
 - Queueing: se todas as extensións están ocupadas, a chamada encólase e presentárase á primeira extensión que quede libre.
 - Secuencial: a chamada dirixida ao grupo preséntase sempre ao primeiro usuario da lista; se este non está dispoñible, preséntase ao seguinte e así sucesivamente.
 - Circular: a primeira chamada dirixida ao grupo preséntase ao primeiro usuario da lista; se este non está dispoñible, preséntase ao seguinte e así sucesivamente. A seguinte chamada preséntase ao segundo usuario da lista e si esta non está dispoñible séguese secuencialmente pola lista de extensións até atopar unha libre.
- Saída de grupo de salto: un usuario dentro dun grupo de salto pode optar por desligarse do grupo de salto de forma temporal e non recibir chamadas dirixidas ao grupo.
 - Tecla para desvío inmediato a caixa de correos de voz: ao recibir unha chamada, o usuario pode pulsar esta tecla e redirixila directamente á caixa de correos de voz.
 - Posibilidade de bloquear desvío incondicional a determinados destinos: pódese configurar o sistema para evitar que as chamadas poidan ser desviadas de forma automática polo usuario a certos destinos (números externos, internacionais, móbiles, etc.)
 - Personalización por liña do tempo de desvío se non contesta: pódese configurar o número de tons que soan para cada usuario antes de desviar as chamadas entrantes se o usuario non contesta

- Personalización por liña do número de chamadas simultáneas por liña: pódese configurar o número de chamadas simultáneas que poden estar activas no teléfono dun usuario.
- MLPP (Priorización de chamadas e salto de desvíos): pódese configurar unha extensión para que cando chame a outra determinada, esta chamada teña a máxima prioridade, evitando os desvíos que poida ter a extensión receptora e no caso de que estea ocupada, interrompendo a chamada en curso para permitir a chamada entrante prioritaria.
- Chamadas aparcadas: cando se recibe unha chamada nunha extensión, esta pode ser desviada a un posto de espera do que se recupera desde calquera outro teléfono simplemente marcando o identificador do posto de espera.
- Chamadas aparcadas mediante BLF: o usuario pode elixir o posto de espera ao que desviar a chamada entrante simplemente pulsando o indicador predefinido no teléfono.
- Chamadas aparcadas dirixidas: o usuario pode elixir o posto de espera ao que desviar a chamada entrante marcando o número do posto no seu teléfono.
- Grupos de captura: unha chamada dirixida a un membro do grupo de captura pode ser recuperada por calquera membro pertencente a ese ou outro grupo utilizando unha tecla programable.
- Grupos de captura mediante un único botón: pódese configurar no teléfono unha tecla para capturar as chamadas do grupo cunha única pulsación.
- Grupos de captura mediante BLF: pódese configurar no teléfono unha tecla que sirva como indicador de chamada entrante no grupo e que esa mesma tecla sirva para capturar dita chamada simplemente pulsándoa.

- Notificación de chamada en grupo de captura: unha chamada dirixida a un membro do grupo de captura xerará, tras un retardo configurable, unha notificación nos teléfonos do resto de membros do grupo.
- Preservación de chamadas: no caso de que un sistema remoto perda conectividade IP, as chamadas en curso que se estean desenvolvendo pola rede pública non se interromperán.
- Soporte para gravación de chamadas: pódese configurar unha extensión para que a voz de todas as chamadas que emita ou reciba se envíen por un trunk SIP ao que se conecta un dispositivo de gravación.
- Monitorización de chamadas a través de trunk SIP: un supervisor pode seleccionar as chamadas dunha extensión para que se envíen por un trunk SIP ao que se conecta un dispositivo de gravación.
- Indicación de chamada en espera por liña: cando hai máis dunha liña configurada no teléfono, este mostrará a información das chamadas que se atopen en espera en cada unha das liñas.
- Ocultación de identidade seleccionable chamada a chamada: o usuario pode elixir que non apareza o seu número cando realiza unha chamada.
- Consola de operadora: trátase dun software que corre nun PC e que permite ao usuario de forma cómoda e utilizando o rato realizar todas as tarefas propias dunha operadora: transferencia de chamadas, consultas, conferencias, etc.
- Códigos de usuario: o sistema pode configurarse para que o usuario teña que marcar un código ao realizar as chamadas, código que aparecerá como parte da información mostrada no CDR.
- Solicitude de autenticación ao marcar certo rango de numeración: o sistema pode configurarse para que o usuario teña que marcar un código ao realizar certas chamadas. Se non se introduce devandito código, as chamadas non progresarán.

- Modo “non molestar”: o usuario pode, pulsando unha tecla, poñerse neste modo, no que non recibirá chamadas, nin notificacións de ningún tipo no seu terminal.
- Envío de tons multifrecuencia de forma directa: durante unha chamada, simplemente con marcar as teclas, emitíranse tons multifrecuencia.
- Música en espera/Ton en espera: pódese configurar o sistema para que cando un usuario poña unha chamada en espera, o outro terminal da conversación escoite unha música preseleccionada ou un ton determinado.
- Devolución de chamada en espera: cando hai unha chamada que foi posta en espera, no teléfono recíbese unha notificación despois dun tempo de espera configurable, lembrando ao usuario o estado da dita chamada.
- Intercom avanzado: configurar esta opción en dúas extensións permite que estando unha ocupada nunha conversación, reciba unha chamada desde a outra extensión que ten intercom e soamente ese usuario escoite a voz que vén da chamada do intercom. O resto de participantes na chamada inicial, non poderán escoitar a voz que vén do intercom.
- Unión de chamadas: é posible unir chamadas que están en curso simultaneamente nunha mesma liña establecendo así unha conferencia entre todos os participantes.
- Unión de chamadas en diferentes liñas: é posible unir chamadas que están en curso simultaneamente en distintas liñas dun mesmo teléfono establecendo así unha conferencia entre todos os participantes.
- Múltiples liñas por teléfono: é posible configurar nun mesmo terminal telefónico varias liñas, cada unha cunha extensión.
- Múltiples teléfonos por liña: a mesma liña telefónica pódese configurar en distintos terminais telefónicos.
- Privacidade en múltiples teléfonos por liña: se se configurou privacidade nos teléfonos que comparten unha mesma liña, cando un deles ocupe a liña, o resto só

verán que está ocupada. Se non se configura privacidade, o resto de usuarios que comparten a liña verán quen está a chamar.

- Función xefatura-secretaría: implementada a través dunha aplicación no teléfono e por software no PC. O persoal de secretaría pode interceptar chamadas dirixidas á súa xefatura e facer listas brancas (polas que intercepta todas as chamadas menos as que están indicadas na listaxe) e negras (polas que intercepta unicamente as chamadas que están indicadas na listaxe).
- Teclas programables: as funcións que antes estaban en softkeys, agora pódense asignar a teclas físicas de acceso directo no teléfono.
- Indicador de chamadas en caixa de correos de voz audible/visual: no teléfono iluminácese un led cando haxa mensaxes na caixa de correos de voz.
- Número único: mediante listas brancas e negras pódese configurar que tras un retardo programable as chamadas entrantes se presenten tamén en números externos, por exemplo móbiles.
- Mobile connect con funcións avanzadas: é posible configurar un número piloto no sistema para que os usuarios chamen desde o seu móbil e introduzan un código. Desde o momento en que se introduce o devandito código, o sistema actúa coma se a chamada estiver a efectuarse desde a extensión fixa. O servidor de presenza mostrará a liña como ocupada, e o usuario dispoñerá das funcionalidades da súa extensión fixa (conferencias, transferencias, etc.).
- Conferencias non planificadas de ata 8 participantes con funcionalidade avanzada: desde un teléfono do sistema pódese xerar unha conferencia e ir engadindo participantes ata un máximo de 8.
- Listaxe de asistentes á conferencia: cando hai unha conferencia en curso, na pantalla do teléfono aparece a listaxe de quen está conectado á conferencia.

- Desconexión de calquera participante na conferencia: durante a conferencia é posible desconectar calquera participante usando a lista que aparece na pantalla do teléfono.
- Conferencias planificadas de ata 10 participantes: no sistema pódense configurar uns números de conferencia que os participantes marcan para unirse a ela. Neste tipo de conferencias pódense unir ata un máximo de 10 participantes.
- Conferencias seguras: son conferencias nas que algún usuario utiliza cifrado. É posible detectar quen son os participantes utilizando cifrado, xa que na lista de participantes que aparece na pantalla do teléfono, estes usuarios presentarán unha icona que o indica.
- Prevención de fraude en conferencia: é posible configurar no sistema unha serie de funcionalidades que eviten o uso indebido das conferencias.
- Finalización de conferencia cando todos os usuarios internos colgaron: a conferencia desconéctase automaticamente cando o último dos usuarios internos deixa esta.
- Finalización de conferencia cando a abandona o iniciador: a conferencia desconéctase automaticamente cando o iniciador deixa esta.
- Encadeamento de conferencias: é posible para un usuario que ten dúas conferencias activas no seu teléfono, unilas e crear unha soa con todos os participantes.
- Marcación sen descolgar con indicador de presenza: ao comezar a marcar un número sen descolgar o auricular, o sistema comeza unha marcación predictiva e van aparecendo as últimas chamadas que se realizaron desde o terminal e que coinciden cos díxitos marcados ata o momento. Xunto a estes números aparece unha icona de presenza que indica ao usuario o estado deles.
- Speed dials de sistema: no sistema pódense configurar marcacións abreviadas para que sexan accesibles desde os teléfonos de todos os usuarios.

- Speed dials de usuario: o usuario pode configurar no seu teléfono marcacións abreviadas.
- Transferencias con consulta / sen consulta: cando o usuario ten unha chamada que quere transferir a outro número, pode realizalo directamente ou pode consultar co receptor para anunciar a chamada e realizar a transferencia despois.

[129]. O adxudicatario, durante a vixencia do contrato, será o encargado de xestionar as diferentes funcionalidades, atendendo as peticións de configuración realizadas polo PG. A xestión da configuración das funcionalidades realizarase de acordo coas directrices establecidas no apartado 6 Xestión do servizo e asistencia técnica.

4.5.1 OPERADORA SOBRE PC

[130]. O PG conta cun sistema de operadora sobre PC que require dos recursos de virtualización de servidores necesarios para cargar o software de aplicación de servidor de operadora en PC. O servidor dialoga cun máximo de 25 postos de operadora en PC, soporta ata 50 colas e non ten límite de número de contactos no directorio.

[131]. No PC do posto de operadora atópase instalada a aplicación de cliente de operadora en PC e ten asociado un terminal telefónico (Cisco IP Phone 7962).

[132]. O equipamento que empregan as operadoras conta cun módulo de expansión e un auricular SupraPlus IP Monoaural con tubo de voz e garante a accesibilidade para os usuarios do sistema.

[133]. O adxudicatario, durante a vixencia do contrato, encargarse do mantemento hardware, software e licenzas precisos para obter a solución de operadora sobre PC e de xestionar as diferentes funcionalidades, atendendo as peticións de configuración realizadas polo PG.

4.6 Plan de numeración

[134]. O adxudicatario comprometerase a manter o actual plan de numeración de todas as extensións corporativas así como da numeración pública do PG.

[135]. Así mesmo, os servizos de comunicacións móbiles estarán integrados dentro da rede corporativa do PG; tanto as liñas móbiles como as extensións fixas consideraranse dentro do mesmo plan de numeración e permitirán o establecemento de comunicacións mediante marcación abreviada. Requírese o mantemento da integración entre extensións fixas e liñas móbiles.

4.7 Tarifas

4.7.1 DETALLE DE CHAMADAS

[136]. Na Táboa 5. Detalle de chamadas fixas recóllese o número e duración das chamadas fixas realizadas no PG durante o ano 2015. Os licitadores realizarán as súas ofertas tendo en conta o volume de chamadas de dita táboa.

Tipo de chamada	Número	Porcentaxe	Duración
A números	229	0,50	17:18:55
A servizos	1.028	2,22	66:43:13
A servizos de información e emerxencia	75	0,16	2:48:37
Internacionais	202	0,44	9:56:11
Interprovinciais	9.784	21,15	555:46:39
Metropolitanas	28.93	62,55	1.205:58:55
Provinciais	5.999	12,97	272:39:00
Tarificación	4	0,01	0:07:52

Táboa 5. Detalle de chamadas fixas

4.7.2 TARIFA PLANA

[137]. Os licitadores incluírán nas súas ofertas unha tarifa plana para chamadas, sen custo adicional. A relación de chamadas que deberán incluírse na tarifa plana son todas, e detállanse as súas características na seguinte táboa:

Chamadas incluídas na tarifa	Descrición
Interna	Extensión interna fixa ou móbil
Local/Provincial/Nacional	Chamadas con destino a numeración fixa de España
Móbil nacional	Chamadas con destino numeración móbil de España (calquera operador)
Fixo/móbil internacional	Chamadas con destino fixo/móbil no estranxeiro
Chamadas con tarificación especial	Aquelas chamadas a números con tarificación adicional ¹

Táboa 6. Chamadas incluídas na tarifa plana

4.8 Internet

4.8.1 ACCESO CORPORATIVO

[138]. A solución de conexión corporativa á Internet inclúe a conexión do PG á Rede Ethernet do actual operador mediante dous accesos Gigabit Ethernet (1G) mediante fibra óptica (con interface 1000 Base LX, segundo IEEE 802.3 para fibra monomodo con terminación SC/APC) con capacidade para transportar ata 1.000 Mbps simétricos.

[139]. Os dous accesos Gigabit chegan ao PG (rúa do Hórreo 63, Santiago) por camiños físicos diferentes. Igualmente, os dous accesos rematan en routers distintos, garantindo a duplicidade de ligazón en todo o traxecto. Estes routers son propiedade do actual adxudicatario, polo que o novo adxudicatario debe subministrar todo o material necesario para cubrir os servizos deste PPT.

[140]. A configuración de ambos os accesos pode facerse indistintamente en modo activo-pasivo ou activo-activo, de forma que se garante o funcionamento en balanceo de carga ou como respaldo, permitindo o control e xestión do ancho de banda.

[141]. Sobre os accesos Gigabit Ethernet existen 2 VLAN DataInternet Banda Ancha (IEEE802.1q). Os accesos teñen asociado o mesmo valor de caudal de conexión á Internet. A configuración lóxica destas VLAN realízase conectando a nivel lóxico cada VLAN a un nodo diferente da rede IP do operador. É dicir, cada VLAN vai configurada

¹ Os números de tarificación adicional incluirán, p.e. os 901/902/... de información, ou servizos útiles para o PG, o resto de liñas estarán directamente bloqueadas

a un nodo diferente, constituíndose desta forma unha solución de redundancia, o que incrementa os niveis de seguridade e fiabilidade da solución exposta.

[142]. O PG conta coa asignación dun caudal de conexión á Internet simétrico bidireccional permanente cun ancho de banda de 100 Mbps. O adxudicatario deberá **manter o mesmo caudal de conexión á Internet**.

[143]. Este caudal está asociado de maneira permanente e exclusiva á conexión na sede do PG, garantíndose deste xeito o compromiso de calidade do servizo ofrecido.

[144]. O servizo inclúe unha ferramenta de acceso a informes en tempo real (AITR), que permite monitorizar o estado das ligazóns, o tráfico cursado e os principais parámetros de xestión.

[145]. O equipamento instalado no PG é unha parte integrante do servizo. A súa función é de ponte entre os equipos de cliente e a conexión coa Internet.

[146]. Así mesmo, a solución implantada dota a sede do PG con dous switches Cisco Catalyst 3560 como equipo de primeiro nivel e dous router Cisco 2951, todos eles propiedade do operador.

[147]. O equipamento está xestionado permanentemente desde o centro de xestión do operador, o cal se encarga de configurar a rede, monitorizala e atender as posibles avarías e incidencias.

[148]. Todo o equipamento conta cun mantemento na súa modalidade avanzada, con horario de atención permanente (24x7x365) para as intervencións que requiran desprazamento á sede do PG.

[149]. Neste equipamento remátanse as VLAN de conexión á Internet e configúranse todas as funcionalidades características do servizo e o direccionamento asociado. Os routers sobre os que se rematan as VLAN son os Cisco 2951 e existe un equipo por cada acceso.

[150]. O tipo de interface no que se entrega o servizo é 1000BaseT con conector RJ-45.

[151]. O PG ten asignada unha subrede de 32 enderezos IP e no caso de que os rangos de direccionamento IPv4 asignados resulten non ser suficientes, o adxudicatario asume todas as xestións e custos necesarios para poder obter e manter os novos rangos de direccionamento que se precisen. **A nova solución deberá prever a xestión destes enderezos IP públicos e a posible conversión de todo o servizo a IPv6.** Así mesmo, o adxudicatario debe contemplar a posibilidade de ofrecer, se o PG o solicitase, e sen custo adicional, unha subrede pública clase C.

[152]. Ademais, existe un acceso ADSL simétrico de 3 Mbps para a sala de prensa do PG.

[153]. Tamén existen 4 liñas ADSL para a realización de probas de servizos externos, que é preciso manter.

[154]. O adxudicatario será o encargado da provisión do servizo e o mantemento de todo o equipamento e servizos que constitúen o acceso corporativo á Internet do PG, durante toda a vixencia do contrato. A provisión do **acceso corporativo deberá realizarse, obrigatoriamente, a través de fibra óptica e por dous camiños fisicamente separados.**

4.8.2 DOMINIOS E DNS

[155]. Actualmente a operadora adxudicataria xestiona e mantén os dominios do PG. Se o PG precisara a inclusión, e o mantemento de novos dominios, a súa xestión non suporá custos adicionais.

[156]. O tempo medio de resolución de dominios por parte do sistema DNS a disposición do PG é menor ou igual a 30 milisegundos, medido desde o momento en que a petición de resolución entra na rede da operadora desde a rede do PG ata que a resolución sae da rede da operadora cara á rede do PG.

[157]. Os dominios que posúe actualmente o PG son:

- parlamentodegalicia.es
- parlamento.gal
- parlamentodegalicia.gal

- parlamentodegalicia.org
 - parlamentodegalicia.com
 - parlamentodegalicia.eu
 - parlamentodegalicia.net
 - parlamentodegalicia.tv
 - parlamentodegalicia.info

[158]. O adxudicatario encargárase, durante a vixencia do contrato, da xestión (altas, baixas, modificacións) dos dominios do PG. Esta xestión non suporá un custo adicional á factura mensual.

4.9 Fax en rede

[159]. O PG conta cunha solución de fax en rede (RightFax) cuxas principais características son as seguintes:

- Integración co directorio activo do PG.
- Interface baseada en regras.
- Almacenamento centralizado dos números de fax nun caderno de enderezos.
- Encamiñamento automático dos faxes entrantes ao destinatario correcto, asegurando a entrega en tempo e forma.
- Aseguramento de que cada usuario só pode ver os seus faxes entrantes e saíntes.
- Integración do envío/recepción de faxes co servidor corporativo de correo do PG (Microsoft Exchange). O envío de faxes realízase desde o cliente de correo electrónico (Microsoft Outlook) como se se tratase dun correo electrónico ou desde a aplicación cliente da solución.
- Envío de faxes a grupos de persoas.

[160]. Os licitadores deberán incluír nas súas ofertas dunha solución de fax en rede, virtualizado nos servidores do PG, con licenzas ilimitadas, e integrado no correo Exchange corporativo, tanto para envío como para recepción.

4.10 Streaming de vídeo

[161]. O PG conta cunha solución de streaming de vídeo da empresa Akamai Technologies para a emisión de plenos, comisións e actos que teñen lugar na sede do PG.

[162]. A plataforma é unha CDN (ContentDelivery Network) que soporta a capacidade para distribuír vídeo en directo e baixo demanda de maneira escalable a miles de usuarios de xeito simultáneo e distribuído, garantindo a calidade de entrega, desde un único punto orixe de alimentación, do fluxo de vídeo a todas as localizacións de usuarios finais.

[163]. O servizo permite a entrega do contido e evita a saturación dos servidores de orixe con motivo das actividades do Parlamento.

[164]. O servizo inclúe:

- Posibilidade de creación de puntos de publicación de fluxos live streaming (6 puntos de publicación na actualidade) e unha capacidade de almacenamento para a inxesta de contidos VoD (Vídeo on Demand) de 100 GB/mes.
- Paquete de tráfico anual de 48 TB equivalente a 4 TB/mes de tráfico transferido. Ao ser un paquete anual, todo o tráfico mensual que se produza vaise restando do paquete global ata que se consuma a totalidade del ou expire o período comprendido nos tres anos de contrato, máis as posibles prórrogas. Se o paquete se remata antes da súa vixencia, todo o tráfico xerado é de exceso. **Os licitadores deberán incluír nas súas ofertas o custo ao que se facturará este tráfico a maiores.** O adxudicatario informa cunha periodicidade mensual, vía correo electrónico, do ancho de banda consumido e do acumulado.
- A través do panel de control de xestión pódese acceder a ferramentas de informes e análises para supervisar os consumos mensuais e outros datos para facer seguimento do servizo.

- O servizo cumpre un SLA que garante a dispoñibilidade deste nun 99% independentemente do número de usuarios conectados.

[165]. A plataforma permite protocolos de autorización de accesos ao contido por token (HTTP, RTMP, RTSP, HLS) evitando así ligazóns abusivas, caducidade de contidos ou accesos non autorizados.

[166]. O adxudicatario deberá incluír na súa oferta este servizo, durante a vixencia do contrato, coas mesmas características que se describen neste apartado e coa mesma solución técnica (Akamai Technologies).

5 Telefonía móbil

[167]. Esta sección recolle as principais características dos servizos de voz e datos a través de redes de telefonía móbil cos que desexa contar o PG.

5.1 Central de telefonía fixa

[168]. As características da central de telefonía fixa están recollidas no apartado 4.2 Central de telefonía fixa deste PPT

[169]. Os licitadores deberán acometer as tarefas precisas para garantir a integración da telefonía fixa e móbil, co obxectivo de acadar un servizo converxente e facilitando que os usuarios poidan empregar indistintamente o teléfono fixo ou o móbil.

[170]. O adxudicatario deberá incluír, de ser preciso, o equipamento, licenzas, software, etc. precisos para garantir a consecución da solución de voz converxente na central de telefonía do PG.

5.2 Terminais

[171]. O parque de teléfonos móbiles do PG está formado polos seguintes terminais:

- Terminais con servizo de voz e datos **(94 unidades)**. O PG conta cun servidor Airwatch MDM (xestor de dispositivos móbiles) ao que están conectados estes terminais. O servizo de voz taríffase por consumo (non ten custo adicional por establecemento de chamada), mentres que o servizo de datos conta con tarifa plana. Os terminais están integrados coa plataforma de correo electrónico (Microsoft Exchange) do PG, polo que os usuarios teñen o correo sincronizado de xeito automático entre a súa caixa do correo e o seu terminal móbil, así como os seus contactos e citas. A versión actual do servidor Exchange é a Server 2010 SP1.
 - Terminal Samsung Galaxy S4 (79 terminais unidades).
 - Terminal Samsung Galaxy S5 (1 unidade)
 - Terminal Nokia Lumia 925 (1 unidade)
 - Terminal Samsung Galaxy A5 (9 unidades)
 - Terminal Samsung Core Prime (4 unidades)
- Terminais só con servizo de voz **(15 unidades)**.
 - Blackberry Bold 9790 (2 unidades).

- Terminal Nokia C2 (9 unidades)
- Terminal Nokia 3120 (4 unidades).

[172]. O adxudicatario deberá subministrar os terminais (smartphones) que prestarán servizo de correo en mobilidade coas seguintes características **mínimas**:

- Procesador Quad-core, velocidade 1,2 Ghz
- Pantalla táctil: tamaño 5", resolución 1280x720 (HD), Super AMOLED
- Cámara: principal CMOS 13.0 megapíxeles, frontal 5.0 megapíxeles
- Memoria RAM: 2 GB
- Memoria interna: 16 GB
- Memoria externa: posibilidade de microSD ata 64 GB
- Redes/Bandas: 2G GSM (GSM850, GSM900, DCS1800, PCS1900), 3G UMTS (B1(2100), B2(1900), B5(850), B8(900)), 4G FDD LTE (B1(2100), B3(1800), B5(850), B7(2600), B8(900), B20(800))
- Wifi: 802.11ac, 2.4/5 Ghz
- Bluetooth: Sí (A2DP, AVRCP, DI, HFP, HID, HOGP, HSP, MAP, OPP, PAN, PBAP, SAP)
- NFC: Sí
- GPS: Sí (GPS, Glonass, Beidou)
- Peso inferior a 140 gramos
- Batería: capacidade 2300 mAh

[173]. O adxudicatario deberá subministrar os terminais (smartphones) que contan só con servizo de voz coas seguintes características **mínimas**:

- Procesador Quad-core, velocidade 1,1 Ghz
- Pantalla táctil: tamaño 4,7", resolución 1280x720 (HD)
- Cámara: principal CMOS 5.0 megapíxeles, frontal 2.0 megapíxeles
- Memoria RAM: 1 GB

- Memoria interna: 8 GB
- Memoria externa: posibilidade de microSD ata 128 GB
- Redes/Bandas: 2G GSM (GSM850, GSM900, DCS1800, PCS1900), 3G UMTS (B1(2100), B2(1900), B5(850), B8(900)), 4G FDD LTE (B1(2100), B3(1800), B5(850), B7(2600), B8(900), B20(800))
- Wifi: 802.11 b/g/n, 2.4/5 Ghz
- Bluetooth: Bluetooth 4.1
- GPS: Sí (GPS, Glonass, Beidou)
- Peso inferior a 150 gramos
- Batería: capacidade 2100 mAh

[174]. Os licitadores deberán achegar os modelos concretos que lle ofertarán ao PG e describir en detalle as características destes. Así mesmo, os licitadores deberán garantir a integración de todos os dispositivos co xestor de dispositivos móbiles (MDM) corporativo do PG e mantendo todas as funcionalidades de configuración que permiten os dispositivos actuais (punto [171] deste PPT). O PG reserva para si a posibilidade de solicitar terminais de proba para avaliar as súas características e descartar os modelos que non cumpran os requisitos mínimos establecidos.

[175]. O adxudicatario deberá subministrar os terminais adecuados para a prestación de todos os servizos. O adxudicatario deberá subministrar o número de unidades de terminais que se sinalan no punto [171] deste PPT (máis 10 unidades de terminais con acceso á Internet e 2 terminais só con servizo de voz), e coas características mínimas (puntos [172] e [173]), que se recollen neste apartado. Estes terminais pasarán a ser propiedade do PG.

[176]. No momento da adxudicación substituiranse todos os terminais cos que conta o PG (máis as unidades de reserva indicadas no punto anterior) por outros coas características mínimas sinaladas neste mesmo apartado. Establécese a necesidade dunha renovación periódica dos terminais utilizados (100 % dos terminais cando o

indique o PG, con 1 cambio) durante o período de vixencia do contrato, excluídas posibles prórrogas. De se producir prórroga, o PG poderá exixir outro cambio de terminais. A entrega deles producirase nas datas que determine o PG. Como mínimo, esta renovación debe ofrecer as mesmas características ou superiores ás exixidas como mínimas neste apartado. En todos os casos, a renovación do parque de teléfonos móbiles levarase a cabo baixo a demanda do PG, e o adxudicatario deberá ofrecer un catálogo de terminais actualizado no que se describirán as características de cada modelo.

[177]. O PG reserva para si o dereito de elixir calquera terminal do catálogo ofertado polos licitadores ao prezo referido nas súas ofertas. No suposto de desapareceren do mercado durante a vixencia do contrato os modelos ou as marcas ofertadas, o adxudicatario terá a obriga de subministrar, cando proceda, outros de características equivalentes e sen custo adicional; en ningún caso se poderán subministrar terminais que se atopen descatalogados.

[178]. En todo caso, os dispositivos deberán atoparse na lista de compatibilidade de dispositivos (<http://www.air-watch.com/solutions/android/>) do xestor de dispositivos móbiles que se atopa en produción no PG.

5.3 Xestor de dispositivos móbiles

[179]. Na actualidade, o Parlamento de Galicia conta cun xestor de dispositivos móbiles (MDM) da empresa Airwatch, despregado no contorno de virtualización do PG.

[180]. O mantemento do que dispón o Parlamento de Galicia é o AirWatch Orange Management Suite para 90 dispositivos. Ademais, tamén se conta con 2 certificados (wildcard) comodín (*.parlamentodegalicia.gal e *.parlamentodegalicia.es) que emprega a plataforma para a encriptación das comunicacións; estes certificados pertencen ao fabricante GlobalSign e teñen vixencia ata o 1 de xullo de 2017.

[181]. Así mesmo, a solución MDM conta con soporte ata o 1 de xullo de 2017.

[182]. O encargado da operación e xestión da plataforma é o Parlamento de Galicia a través do persoal do Servizo de Tecnoloxías da Información.

[183]. As principais funcionalidades que permite o xestor de dispositivos Móviles son:

- Publicar aplicacións nos dispositivos, controlando o seu ciclo de vida
- Funcionalidades de autenticación, cifrado de datos, administración e monitorización de aplicacións
- Xestión de diferentes dispositivos con diferentes sistemas operativos a través dunha única consola de administración
- Rexistro de dispositivos coa conseguinte configuración de perfís de usuario (restricións, perfís de aplicacións, correo electrónico, Wifi, ...)
- Funcionalidade de cadre de mandos que permite verificar o correcto funcionamento dos dispositivos móbiles
- Seguridade e prevención de perda de datos de empresa
- Garantir as conexións seguras ao correo electrónico corporativo

[184]. Os licitadores deberán incluír nas súas ofertas o mantemento de todas as licenzas precisas do xestor de dispositivos móbiles durante a vixencia do contrato e a renovación dos certificados wildcard sinalados neste apartado. Estes certificados serán propiedade e estarán a nome do PG.

5.4 Características do servizo

[185]. Existen antenas distribuídas polo edificio do PG para garantir a cobertura interna (debido á singularidade dos seus muros). Estas antenas e o seu cableado son propiedade do PG.

[186]. O plan de numeración para os móbiles do PG establece que estes teñan unha extensión de 4 díxitos que comeza por 3. Estes dispositivos están integrados como extensións na central de telefonía fixa e existe unha correspondencia coas extensións de teléfonos fixos.

[187]. As principais características coas que conta o servizo de telefonía móbil son as seguintes:

- Tarifa única independentemente do horario.
- Número de cabeceira móbil.
- Chamadas internas automáticas (para cada usuario coincide a extensión fixa e móbil, excepto pola primeira cifra, a extensión curta fixa empeza por 2, e a de móbil por 3).
- Facturación en segundos desde o primeiro minuto.
- Tarifa especial de comunicación interna para chamadas entre extensións móbiles e fixas, dentro da tarifa mensual para todas as chamadas internas (fixo-fixo, fixo-móbil, móbil-fixo, móbil-móbil –incluído en roaming–).
- Tarifas especiais para as chamadas dentro da rede do operador e a outros operadores, incluída dentro da tarifa mensual dos servizos contratados.
- Posibilidade de duplicado de tarxeta SIM (ata 4 tarxetas) co mesmo número de teléfono dentro da tarifa mensual do servizo
- Posibilidade de dúas liñas nunha mesma tarxeta (particular e corporativa) con desvíos gratuítos entre ditas liñas
- Aviso de dispoñibilidade
- Multiconferencia
- Envío ilimitado de mensaxes SMS nacionais, e internacionais incluído dentro da tarifa plana
- Programación de desvíos
- Tarifa plana de datos (2 GB mensuais) sen custo adicional por excesos. Incluírase tamén na tarifa plana mensual o servizo de datos en roaming.

[188]. Así mesmo, para facilitar a mobilidade dos usuarios, dispónse de módems USB para facilitar o acceso á Internet. Estes módems USB están contratados actualmente cunha tarifa plana de 10 XB, sen que se cobren os excesos de consumo. Actualmente existen 78 módems USB en funcionamento, e os licitadores deberán incluír un stock a maiores de 10 unidades en todo momento. Incluírase tamén na tarifa plana mensual o servizo de datos en roaming.

[189]. Existe un servizo de posvenda para levar a cabo altas e baixas de liña, así como reparación e/ou substitución de terminais (servizo de intercambio do móbil avariado por outro equivalente) e equipamento, sen custo ningún para o PG. O adxudicatario deberá incluír este servizo para a totalidade dos dispositivos móbiles do PG e sen que isto implique custo para a Administración. A nivel informativo, na táboa seguinte resúmese o tipo e número de avarías ao longo do ano 2015.

Tipo de incidencia	Número de incidencias
Rotura de pantalla	17
Fallo nas chamadas	3
Fallo de audio	3
Reinicio constante	2

Táboa 7. Resumo de avarías

[190]. O servizo de telefonía móbil deberá proporcionar conexión entre todos os usuarios do PG, así como proporcionar os recursos necesarios para canalizar o tráfico de voz cara a redes externas, independentemente do destino xeográfico da comunicación. O servizo de telefonía móbil ofertado deberá ter, de xeito xeral, as seguintes características:

- Ofrecer servizos finais de telefonía móbil e, adicionalmente, servizos de valor engadido (5.6 Servizos adicionais).
- Prover un plan de numeración privado completo e integrado co servizo de telefonía fixa.
- Permitir a tarificación detallada por cada terminal en tempo real, e ser capaz de proporcionar informes e estatísticas agregadas por criterios por definir.

[191]. O servizo corporativo de telefonía móbil deberá estar interconectado co servizo corporativo de telefonía fixa do PG mediante o uso de interfaces dixitais IP. Os licitadores deberán describir en detalle a solución que propoñen para a interconexión co servizo de telefonía fixa. O licitador deberá prover polo menos un ancho de banda igual ou superior ao actual (apartado 5.1 Central de telefonía fixa). En función dos datos achegados polo PG, o adxudicatario deberá especificar na oferta presentada o ancho de banda dos enlaces que considere máis adecuados, co obxecto de optimizar a utilización das liñas, minimizar os custos e garantir o servizo.

[192]. A solución do servizo de voz basearase no concepto de rede privada virtual (RPV), tanto a nivel de funcionalidade (marcación abreviada) coma de facturación. Os licitadores preverán a implantación dunha RPV que integre os dispositivos móbiles coa infraestrutura de telefonía fixa mediante os enlaces necesarios. O tráfico de voz xerado entre as liñas da rede corporativa será tarificado como corporativo; é dicir, terá un custo diferenciado e incluído na tarifa concertada mensual. Consideraranse dentro desta clasificación de rede corporativa os seguintes tráfico:

- Comunicacóns entre móbiles do PG.
- Comunicacóns entre extensións fixas e usuarios móbiles do PG.
- As chamadas entre móbiles internos, ou entre fixos e móbiles, ou entre móbiles e fixos facturaránse como internas, independentemente do uso da numeración abreviada ou pública.

[193]. Así pois, tomando como punto de partida a situación actual, preténdese manter o servizo que actualmente se está a prestar e a súa actualización para incorporar as máximas funcionalidades técnicas posibles. Todos os servizos detallados nos puntos [187] e [188] deste PPT deberán estar incluídos dentro da tarifa plana concertada mensual, non sendo facturables a maiores. O servizo de caixa do correo interno tamén estará incluído dentro da tarifa plana.

[194]. Concretamente no alcance do PPT deberase prever o servizo das liñas de Internet móbil, e indicarse o prezo de forma unitaria; o adxudicatario debe garantir este prezo no caso de que o PG decida durante o transcurso do contrato contratar máis

liñas deste servizo. No caso de que existan altas ou baixas de liñas, estas realizaranse sen custo para o PG.

5.5 *Detalle de chamadas*

[195]. Na Táboa 8. Detalle de chamadas móbiles ano 2015 recóllese o número e a duración das chamadas móbiles realizadas no PG durante o ano 2015, para que os licitadores contén cunha estimación da tipoloxía de tráfico móbil do PG.

Tipo	Número	Cantidad
Acceso contidos tarificación adicional	0	0 minutos
Datos en itinerancia	2.135	8.557,72 megabytes
Chamadas itinerancia	1.398	3954,41 minutos
Chamadas internacionais	983	5519,41 minutos
Interno buzón	809	909,83 minutos
Interno corporativo	57.279	86354,81 minutos
Interno móbiles ²	66.094	188924,05 minutos
Mensaxes especiais	0	0 minutos
Mensaxes intern. en itinerancia	9	0 minutos
Mensaxes internacionais	211	0 minutos
Mensaxes ao mesmo operador	12.478	0 minutos
Mensaxes curtas en itinerancia ³	416	0 minutos
Mensaxes Multimedia	363	84,68 megabytes
Mensaxes Multimedia en itiner.	14	2,64 megabytes
Mensaxes Oper. Nac. en itiner. ⁴	26	0 minutos
Mensaxes Operadores nacionais ³	1.327	0 minutos
Chamadas recibidas en itiner.	792	2.447,67 minutos
Resto tráfico nacional	747	2.772,67 minutos
Servicios especiais roaming	5	11,51 minutos
Sms ilimitados	13.164	0 minutos
Tráfico nac. outros operadores móbiles	72.027	229.039,32 minutos
Tráfico nac. Fixos	15.861	29.734,14 minutos

² Chamadas nacionais a móbiles do mesmo operador non corporativos

³ Con destino ao mesmo operador: detallar o custo total da mensaxe entre orixe e destino

⁴ Outros operadores distintos do licitador: detallar o custo total da mensaxe entre orixe e destino

Tipo	Número	Cantidade
Videotelefonía nacional	16	25,64 minutos
Datos Internet	81 dispositivos	

Táboa 8. Detalle de chamadas móbiles ano 2015

[196]. Por outra banda, tamén se dispón de tarifas planas de datos para roaming por zonas.

O PG poderá solicitar a activación de bonos de voz e datos nos teléfonos móbiles para os casos de que estes se atopen en roaming. Os licitadores deberán incluír nas súas ofertas o detalle das características destes bonos, indicando límites de tráfico, tarificación de excesos, etc. Estes servizos estarán incluídos dentro da tarifa mensual.

5.6 Servizos adicionais

[197]. Os servizos adicionais mínimos que os licitadores deberán achegar nesta contratación serán os seguintes:

- Información visual sobre chamadas.
- Multiconferencia directa, sen necesidade de operadora.
- Axenda electrónica.
- Caixas de correo de voz.
- Servizo de chamadas perdidas.
- Marcación abreviada.
- Ocultación de identidade.
- Mensaxería SMS / MMS ou similar.
- Facilidades xerais de tratamento de chamadas: identificación de chamada entrante, ocultación de identidade, chamada en espera, desvíos de chamadas...
- Control de consumo por extensión e facturación detallada.
- Definición de límites de consumo.
- Definición de grupos de usuarios. Poderán definirse agrupacións de usuarios cunhas determinadas configuracións de servizo.

- Establecemento de restricións tendentes a:
 - Chamadas ao exterior (nacionais, internacionais, servizos de tarificación adicional, ...)
 - Itinerancia.
 - Restricións a números definidos.
 - Restricións segundo horario.

[198]. Ademais, deberá poder contarse cos seguintes servizos adicionais:

- Integración de dúas liñas diferentes (unha das liñas será a corporativa do PG, e a outra, do particular), con numeración diferenciada, nunha mesma tarxeta SIM, posibilitando a obtención da facturación separada de ambas. En ningún caso se cobrarán desvíos dunha liña á outra; loxicamente, as dúas liñas deberán estar na mesma operadora (a adxudicataria do PG).
- Provisión dunha segunda tarxeta SIM coa mesma numeración ca a da liña principal, co obxecto de poder realizar e recibir chamadas nun segundo terminal.
- Agregación dun segundo teléfono fixo ou móbil, pertencente ao PG, á liña de telefonía móbil, de xeito que as chamadas poidan ser recibidas en ambos os dous destinos.

[199]. Os servizos de transmisión de datos ofertados para as liñas dos terminais telefónicos deberán permitir a transmisión e recepción de datos en modalidade GSM, GPRS, 3G ou 4G. Requírese:

- Envío e recepción de arquivos informáticos.
- Conectividade aos sistemas de información do PG (correo electrónico).
- Acceso á Internet.
- Recepción de correos desde o servidor de correo corporativo do PG.
- De existir tráfico WAP (non desexable), este non se facturará.
- Posibilidade de limitar servizos de tarificación adicional dende o operador

[200]. Os licitadores achegarán unha solución de correo empresarial que poida integrarse co sistema de correo do PG (Exchange 2010). Será de especial importancia que os teléfonos móbiles ofertados teñan capacidades de visualización de formatos de arquivos como doc., xls. e pdf., que poderán ser achegados a correos electrónicos enviados a móbiles. A aplicación do correo nos móbiles terá capacidade de sincronización completa (axenda, contactos, etc.), así como a seguridade necesaria.

5.7 Cobertura

[201]. O adxudicatario deberá garantir a cobertura no interior, así como no exterior (nas inmediacións do edificio do PG), para asegurar a conexión dos usuarios do Parlamento. Neste sentido, o nivel de sinal/ruído debe ser como mínimo de -85dbm. Esta cobertura débese garantir tanto a nivel de servizos de voz coma de datos (GPRS, 3G, e 4G).

[202]. Neste sentido, os licitadores deberán presentar un plan detallado no que se indiquen as tarefas e infraestruturas precisas que aseguren a cobertura solicitada. En todo caso, todos os medios materiais e servizos de instalación precisos non correrán a cargo do PG. Esta instalación deberá dar servizo a varios operadores, de cara á súa compartición.

[203]. Para acadar a cobertura interior, o adxudicatario deberá incluír na súa oferta un proxecto que a asegure. As antenas interiores e os elementos auxiliares para a súa instalación (incluíndo os cables e as antenas, e excluindo o resto de electrónica de rede) pasarán a ser propiedade do PG.

[204]. Así mesmo, no plan deberá indicarse como se lle proverá sinal ao PG, mediante fibra óptica, sistemas de radio enlace, ambos... En todo caso, deberase detallar a solución técnica adoptada e achegar, así mesmo, os niveis de cobertura por zonas e a relación de sinal/ruído acadada, así como o largo de banda dispoñible e o número de conversacións simultáneas soportadas.

[205]. O plan presentado polo licitador deberá ser validado e aceptado previamente polo PG e, en todo caso, o licitador deberá adaptarse aos requisitos expresados anteriormente.

[206]. Estas actuacións, que correrán por conta do adxudicatario, deberán incluír calquera elemento accesorio ou equipamento preciso para a consecución do citado plan; así mesmo, indicarán se é precisa a realización dalgún tipo de obra civil para a prestación do servizo.

[207]. Para a realización deste proxecto o PG proveralles planos do edificio, aos licitadores que así o soliciten, co fin de facilitar a realización do proxecto de cobertura.

[208]. Os licitadores deberán axustarse á lexislación vixente nesta materia:

- Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.
- Directiva 2004/108/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 15 de decembro de 2004, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros en materia de compatibilidade electromagnética e pola que se derroga a Directiva 89/336/CEE.
- Informe da Comisión sobre a aplicación da recomendación do Consello 1999/519/CE, do 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral aos campos electromagnéticos de 0 HZ a 300 GHZ.
- O adxudicatario manterá certificadas as instalacións en todos os aspectos relativos á seguridade e á saúde, en particular en todo o relativo ao Real decreto 1066/2001.

[209]. A empresa adxudicataria deberá asinar unha declaración de conforme a instalación cumpre o Real decreto 1066/2001, así como presentar as medicións que o avalan, coa periodicidade indicada no Real decreto.

[210]. As empresas licitadoras deben presentar documentación acreditativa do cumprimento da Directiva 2013/35/UE do Parlamento Europeo en todo o relativo á

determinación da exposición a campos electromagnéticos, valores límite, periodicidade das avaliacións, etc.

[211]. O licitador achegará información acerca da cobertura que ofrece, e indicará se esta se presta con infraestrutura propia ou allea. De ser este o caso, achegárase a documentación contractual na que se soporte esta cobertura, e indicaranse niveis de prioridade e calidade de servizo.

[212]. Os licitadores deberán incluír nas súas ofertas mapas da cobertura na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto para voz, GPRS, 3G e 4G. Esta cobertura debe estar garantida nas poboacións de máis de 2.000 habitantes.

5.8 Outras consideracións

[213]. Será de especial importancia a cobertura internacional ofertada e a adopción de sistemas que permitan o emprego da numeración corporativa independentemente da localización xeográfica no estranxeiro. Os licitadores proporcionarán unha listaxe completa de países e operadoras cos que teñan asinados acordos de itinerancia, así como das tarifas aplicables, aínda que estean incluídas na tarifa plana mensual.

[214]. O plan de numeración da rede corporativa de voz do PG mantén extensións fixas cunha numeración de catro díxitos tanto para as extensións fixas coma para as móbiles. Requírese o mantemento do plan de numeración existente. Isto implica o mantemento da numeración de todas as extensións corporativas e da numeración pública usada na actualidade.

[215]. O operador adxudicatario, en caso de ser distinto do actual, comprometerase a levar a cabo as portabilidades das liñas móbiles, seguindo as indicacións dos servizos do PG e sempre que así o estime oportuno o PG, e non se prefira dar de alta novas liñas.

[216]. No PG existe unha unificación da numeración fixa e móbil que adxudica un único número a cada unha das extensións do PG, para os fixos curtos, fixos longos e móbil curto. Deste xeito, o mesmo número curto identificará unha persoa/posto, e, se se cambia o prefixo, chamarase ao fixo, ao fixo desde o exterior, ou ao móbil.

[217]. Co obxecto de ofrecer unha resposta eficaz ante os posibles danos ou a deterioración de terminais, tarxetas SIM..., considérase necesaria a existencia dun número destes almacenados no PG. O número de elementos deste tipo almacenados permanentemente debe ser do 10 % do número total de liñas con servizo, sen custo.

[218]. O adxudicatario debe ofrecer un servizo de garantía e mantemento de terminais durante a vixencia do contrato. Este servizo debe permitir que todos os usuarios do PG contén con terminais e accesorios plenamente operativos, actualizados e capaces de soportar os servizos do adxudicatario. En todo momento preveranse todas as reparacións que sexan necesarias sen custo para o PG. Ademais, o adxudicatario deberá garantir a reposición de terminais (en cantidade equivalente ao 100 % do parque total de teléfonos móbiles do PG en cada un dos períodos nos que se efectúe unha renovación total dos terminais) no caso de extravío, roubo, accidente ou de calquera outra continxencia que supoña a perda ou inutilización do terminal.

[219]. O PG reserva para si o dereito de solicitar os teléfonos móbiles ofertados polos licitadores para a realización de comprobacións reais de cobertura.

6 Xestión do servizo e asistencia técnica

[220]. O PG centralizará, a través dun punto único de contacto co adxudicatario, a tramitación das diferentes xestións con este.

[221]. Dentro da xestión propia do servizo atópanse todas aquelas tramitacións administrativas básicas, activación e/ou desactivación dos servizos de valor engadido ou dalgunha das funcionalidades destes. Entre as posibles xestións administrativas básicas que se solicitan atópanse:

- Alta/baixa/modificación administrativa de liña (fixa/móbil)
- Asignación/anulación número de pedido de terminais
- Asignación/anulación número de pedido de tarxeta SIM
- Asignación/anulación número de avaría de servizo postvenda
- Provisión de códigos de seguridade (PIN, PUK) - Baixas de liña
- Consulta de estado e modificación da liña
- Xestión de perfís de liñas: tráfico, grupos de usuarios
- Activación/desactivación de restricións
- Activación/desactivación de acceso internacional ou roaming
- Activación/desactivación de tarifas de datos
- Configuración de terminais físicos
- Configuración de funcionalidade xefatura/secretaría e filtros inclusivos/exclusivos
- Configuración do servizo de mobilidade (número único)
- Configuración de grupos de salto con varias liñas (teléfonos do hemiciclo)
- Integración co directorio activo do PG
- Actualizacións de dispositivos
- Actualización de firmware da centraliña
- Provisión de dominios
- Xestión dos DNS do PG

- Informes de consumo de tráfico
- Incidencias de acceso corporativo
- Incidencias/modificacións relativas á solución de fax en rede
- Incidencias/modificacións relativas á solución de streaming (Akamai)
- Incidencias relativas ao xestor de dispositivos móbiles (MDM)
- Calquera outra relacionada cos servizos dos que dispón o PG

[222]. Será responsabilidade do adxudicatario xestionar o servizo e as infraestruturas ofertadas, así como reparar as avarías que poidan xurdir, con independencia de se estas implican substitución de equipos, desprazamento de persoal, man de obra, etc. Os gastos de reparación correrán por conta do adxudicatario.

[223]. O licitador ofrecerá un servizo de xestión técnica e de incidencias preferente consistente na provisión dun número de teléfono e dun enderezo de correo electrónico personalizados (é dicir, atendidos sempre por unha persoa responsable e un grupo de soporte) co fin de atender as chamadas para o efecto que poidan facerse en horario laboral habitual (desde as 9.00 h ata as 20.00 h, de luns a venres).

[224]. O servizo corporativo de telefonía fixa, móbil e acceso á Internet deberá ofrecer de forma xeral unha alta dispoñibilidade, cun servizo garantido de 24 horas ao día durante os sete días da semana. Considérase necesario que a dispoñibilidade do servizo sexa sempre superior ao 99 % mensual.

[225]. O operador deberá informar dos traballos realizados na súa rede e que poidan afectar a calidade e dispoñibilidade do servizo ofrecido ao PG cun mínimo de tres días de antelación. Nestes casos, o portelo de actividade para a realización dos traballos será acordado co PG durante eses tres días previos. Considérase necesaria a inclusión dunha proposta de compromisos de calidade do servizo, que utilice as variables que se definen a seguir:

- Garantía nos prazos de instalación. Parámetros que indican o grao de cumprimento nos prazos de implantación de cada un dos servizos.

- Disponibilidade do servizo. Parámetros que indican a porcentaxe de tempo en que para un período establecido como mensual os servizos se prestan coa calidade adecuada.
- Tempo entre fallos. Parámetro que indica o tempo transcorrido entre dúas incidencias consecutivas que afectan o servizo ofrecido.
- Xestión do servizo. Parámetro que indica o tempo empregado en trámites administrativos como altas, baixas ou modificacións dos servizos asociados a unha liña.
- Xestión de incidencias. Parámetro que detalla o tempo transcorrido desde o aviso dunha incidencia no servizo ata a súa resolución completa.

[226]. Enténdese por tempo de resolución o tempo que transcorre desde que o PG abre unha incidencia ata que o adxudicatario a resolve e o comunica ao PG. Entenderase que a incidencia está completamente resolta cando o servizo funcione correctamente, ben sexa mediante reparación, ben sexa mediante substitución total ou parcial dos elementos que o sustentan, e se consiga a mesma funcionalidade. Por outra banda, realizarase unha revisión anual do servizo ofertado e instalaranse as actualizacións precisas, se for o caso, sempre de mutuo acordo co PG.

[227]. O PG poderá contratar ao longo da execución do concurso liñas adicionais nas mesmas condicións técnicas e económicas que se oferten con base neste prego. O PG desexa manter a numeración actual de telefonía fixa, polo que a empresa licitadora terá en conta o establecido na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, en especial o referente ao artigo 18 sobre conservación dos números telefónicos polas persoas aboadas. Ademais, a empresa licitadora asumirá por escrito o compromiso de respectar e poñer á disposición do PG o servizo de portabilidade de números telefónicos, tanto cara a/como desde outro operador.

[228]. Para todo o material que o adxudicatario subministre ou se encargue de manter deberá, ademais, durante a vixencia do contrato, instalar todas as actualizacións software que se vaian liberando. Será a súa obriga comunicarlle ao PG a existencia das devanditas actualizacións e a súa adquisición (de ser o caso), instalación e configuración, que correrán pola súa conta, e non serán en ningún caso imputables economicamente ao PG.

6.1 Persoal

[229]. A empresa adxudicataria deberá dispor dun técnico *in situ* para levar a cabo tarefas de mantemento nas dependencias do PG.

[230]. O técnico que a empresa adxudicataria destine para a execución dos referidos traballos de mantemento non terá vínculo xurídico ningún co PG, dependendo única e exclusivamente da empresa adxudicataria, correndo ao cargo desta todo o derivado da súa relación laboral, retribucións salariais, complementos, antigüidade, cotizacións á Seguridade Social e demais obrigas que poidan derivar do cumprimento da normativa do sector, aspectos aos que queda obrigada a empresa adxudicataria.

[231]. O técnico que a empresa adxudicataria adscriba ao servizo deberá ter dedicación plena, sen prexuízo das intervencións doutro persoal da empresa para resolver incidencias que poidan presentarse.

[232]. Todo o persoal, durante o tempo que estea realizando actividades propias do contrato de telefonía, estará uniformado, con distintivo da empresa adxudicataria do contrato, e identificado mediante acreditación entregada polo PG.

[233]. Para evitar a deterioración das instalacións e dos edificios administrativos do PG, non se admitirá a manipulación destas por persoal non cualificado. A detección de calquera anomalía deste tipo será motivo suficiente para que a empresa adxudicataria cambie o traballador, sendo pola súa conta as indemnizacións que se determinen.

[234]. Na Táboa 9. Cadro de persoal detállase a categoría, a antigüidade e o tipo de xornada do técnico que a actual empresa adxudicataria ten destinado no PG para a prestación do servizo de mantemento.

Centro de traballo	Categoría	Antigüidade	Xornada
Santiago	INST. SIST. MANT. COMÚN	01/07/2002	Completa

Táboa 9. Cadro de persoal

6.2 Acordos de nivel de servizo (ANS)

6.2.1 PROVISIÓN DE LIÑA (ALTA, BAIXA OU MODIFICACIÓN)

PARÁMETRO	DEFINICIÓN	ANS
Tempo de atención	Tempo no que se atende a chamada do PG no 90 % dos casos	20 seg.
Tempo de resposta	Tempo dende que o PG realiza unha petición de provisión e se recibe xustificante de recepción coas tarefas que hai que realizar e os prazos estimados	12 horas.
Tempo de resolución	Tempo dende o xustificante de recepción dunha petición ata que se cerra a solicitude.	≤ 5 días (altas ou baixas de liñas). ≤ 3 días (reconfiguracións do servizo).
Tempo de substitución	Tempo máximo transcorrido desde que o PG realiza unha petición de substitución de equipo ata que se atende esta.	≤ 12 horas (cambio de terminais).

6.2.2 AVARÍAS

PARÁMETRO	DEFINICIÓN	ANS
Tempo de resposta	Tempo transcorrido desde que o PG presenta unha reclamación ata que obtén unha chamada de seguimento.	< 1 hora.
Tempo de resolución	Tempo transcorrido desde que o PG notifica unha incidencia crítica ata que se lle notifica resolución desta.	≤ 4 horas

6.2.3 PROVISIÓN E MODIFICACIÓN DE SERVIZOS

SUBMINISTRACIÓN DE TERMINAIS MÓBILES E TARXETAS SIM	ANS
	48 horas
MODIFICACIÓN DO SERVIZO SEN DESPRAZAMENTO	ANS
Con corte de servizo	8 horas
Sen corte de servizo	8 días naturais
MODIFICACIÓN DO SERVIZO CON DESPRAZAMENTO	ANS
Con corte de servizo	8 días naturais
Sen corte de servizo	15 días naturais

6.2.4 DISPOÑIBILIDADE DE REDE

PARÁMETRO	DEFINICIÓN	ANS
Dispoñibilidade da rede de acceso ao PG.	Dispoñibilidade media ponderada das estacións base que cursan a maior parte do tráfico do PG.	>99,9 %

6.2.5 PARÁMETROS DE REDE

PARÁMETRO	DEFINICIÓN	ANS
Probabilidade de acceso GPRS garantida.	Porcentaxe de establecementos con éxito de sesión GPRS (APN do PG), UMTS e HSDPA, en zonas onde se proporciona cobertura, ao primeiro intento, unha vez que o terminal se rexistrou na rede correctamente.	> 99,8 %

PARÁMETRO	DEFINICIÓN	ANS
-----------	------------	-----

PARÁMETRO	DEFINICIÓN	ANS
Porcentaxe de chamadas non completadas.	Media ponderada da porcentaxe de fallos de asignación que presentan as estacións base que cursan a maior parte do tráfico do PG.	<0,3 %
Porcentaxe de chamadas interrompidas.	Media ponderada das chamadas realizadas polo PG interrompidas anormalmente, nas estacións base que cursan a maior parte do tráfico do PG.	<0,8 %
Tempo medio de establecemento de chamadas.	Media ponderada dos tempos de duración das chamadas realizadas polo PG, medidos nas estacións base que cursan a maior parte do tráfico do PG.	< 5 segundos

7 Facturación e control do gasto

7.1 Plan de facturación

[235]. Dentro do plan de facturación, debe ser sinxela a obtención de información actualizada e detallada de todos os conceptos facturables do PG.

[236]. A plataforma de comunicacións Cisco Call Manager deberá estar integrada coa ferramenta de control de gasto Char Utile Empresas.

[237]. Ademais, o adxudicatario deberá proporcionar unha ferramenta de control de facturación que permita, polo menos:

- Analizar os datos da factura.
- Obter información destas análises, en formato de follas de cálculo e gráficos.
- Usar os datos da factura para outras aplicacións como follas de cálculo.

[238]. O adxudicatario deberá facilitar información para cada un dos servizos contratados no relativo a detalles de chamadas (número orixe, número destino, data, hora de inicio, duración, etc.) e cargos periódicos asociados aos servizos contratados (período de facturación, cotas mensuais fixas, outros cargos mensuais fixos, outros cargos variables, etc.).

[239]. Para os efectos de facturación esíxese unha tarificación en diferentes niveis:

- As chamadas internas entre móbil corporativo e fixo corporativo, incluso estando en roaming, estarán incluídas dentro da tarifa mensual do servizo.
- Os servizos de transmisión de datos deben ter tarificación por cota mensual (incluído o servizo de datos en roaming), así como os servizos de móbil corporativo, independentemente do tipo de terminal, é dicir, deberán estar incluídas na tarifa plana mensual.
- Os prezos ofertados non excederán das tarifas de mercado do operador, e sobre elas o licitador indicará na súa oferta a porcentaxe de desconto ofrecida.

[240]. As ofertas especificarán un custo fixo total anual. Isto supón que o adxudicatario se compromete a prestar todos os servizos descritos neste prego polo importe considerado como fixo e a tanto alzado para cubrir a prestación íntegra do servizo. Este orzamento detallarase en cargos a modo de tarifa concertada mensual (por meses naturais). O prezo ofertado polo adxudicatario, que se terá en conta para a valoración da súa oferta económica, debe basearse na táboa 8. Detalle de chamadas móbiles ano 2015 (no tocante aos custos asociados aos dispositivos móbiles), na que se recolle o número e a duración das chamadas móbiles realizadas no PG durante o ano 2015, e na táboa 5. Detalle de chamadas fixas, que recolle a duración das chamadas fixas realizadas durante o ano 2015. A súa oferta detallarase segundo o modelo de proposición económica do PCAP.

[241]. O adxudicatario detallará na súa oferta todas as tarifas que poderá repercutir ao PG e facilitará unha folla Excel co detalle dos consumos, cos prezos ofertados e a totalidade dos requirimentos deste PPT. A suma de todos os conceptos e tarifas debe cubrir o total dos requirimentos deste PPT e coincidirá co prezo concertado anual ofertado, non sendo facturable ningún concepto a maiores. Non se avaliarán aquelas ofertas que non inclúan a totalidade dos servizos requiridos no PPT. No devandito prezo deberanse incluír:

- Todas as tarifas planas, incluíndo envío de SMS ilimitado.
- Mantementos e custo detallado do servizo MDM e os certificados asociados.
- Mantemento da solución de fax en rede
- Mantemento da solución de streaming de vídeo
- Mantemento do acceso corporativo á rede de datos, tanto para voz (RPV) coma para datos (acceso á Internet, telefonía IP e acceso á NGN)
- Mantemento dos diferentes dispositivos (teléfonos fixos, teléfonos móbiles, USB) e custo das licenzas
- Mantemento da central de telefonía (hardware e software) e da electrónica de rede
- Mantemento e licenzas das plataformas de xestión da rede (física e wifi)

- Mantemento dos dominios e DNS do PG
- Cotas dos distintos servizos.
- Técnico *in situ*
- Datos en itinerancia (para terminais de gama avanzada)
- Custos das melloras ofertadas, de ser o caso
- Calquera outro servizo ou subministración que se detalle neste prego e que será exigible polo PG.

[242]. Ademais deberá incluír no sobre B toda a información sobre tarifas especiais para o tráfico internacional (segundo zonas) e servizos de tarificación especial, e calquera outra tarifa que non se especificase e lle poida ser aplicable a este contrato (aínda que estean incluídas na tarifa concertada mensual). Calquera concepto non incluído nesta listaxe de tarifas non poderá ser facturado ao PG, excepto no caso de que o PG solicite algún novo servizo non descrito neste PPT.

[243]. Durante a vixencia do contrato, o adxudicatario deberá aplicar as actualizacións das tarifas na medida en que estas se vaian producindo, e co desconto en porcentaxe sobre elas ofertado.

[244]. O adxudicatario debe proporcionar un sistema de control do consumo telefónico de cada unha das liñas contratadas. Será responsabilidade do adxudicatario a subministración e o mantemento do hardware e software necesarios. Este servizo debe estar integrado co de xestión de facturación.

[245]. A facturación debe presentarse de xeito resumido en formato papel ou como factura electrónica, e o seu detalle, en formato electrónico. O servizo de control de gasto debe ofrecer a listaxe de chamadas realizadas por cada liña, e indicar polo menos o destino, a duración e o custo asociado. Este servizo deberá permitir o establecemento de límites nos consumos por liña e por grupo de liñas. Tamén estará accesible a través dunha aplicación web, e deberá establecer os medios necesarios tanto para a autenticación dos usuarios como para a seguridade no acceso aos datos. Garantirase o cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

8 Plan de migración do servizo

[246]. O prazo máximo para acometer a migración do servizo de telefonía fixa, móbil e acceso á Internet será **de tres meses desde a data do asinamento da acta inicial da traza do servizo**. O adxudicatario non poderá facturar ningún concepto asociado ao servizo mentres non realice a migración dos servizos. A Administración non poderá pagar polo mesmo servizo no mesmo período por duplicado.

[247]. Os licitadores deberán incluír un plan detallado de migración dos servizos, incluíndo os recursos dedicados ás diferentes tarefas, a estimación temporal para a súa realización, o plan de probas de funcionamento e as medidas que se implantarán para minimizar o impacto da dita migración na dispoñibilidade dos servizos por parte dos usuarios.

[248]. Resulta fundamental que o licitador inclúa un plan de transferencia/devolución, co obxectivo de que o nivel de servizo prestado aos usuarios non se vexa afectado polo cambio de adxudicatario.

[249]. O adxudicatario comprométese, durante toda a duración do contrato, a facilitar ás persoas designadas polo PG para tales efectos, toda a documentación que se solicite para dispoñer do coñecemento das circunstancias nas que se desenvolven os traballos, así como os eventuais problemas ou incidencias que poidan xurdir.

[250]. Os licitadores deberán incluír nas súas ofertas un plan detallado das tarefas que haberá que realizar para asegurar o proceso de transición e devolución do servizo. Este plan deberá incluír o detalle da documentación que se xerará para garantir o solapamento de actividades e a transferencia tecnolóxica e do coñecemento.

[251]. En relación co plan de transición e devolución do servizo, a empresa adxudicataria deberá ter en conta:

- Considéranse susceptibles de transferencia de coñecemento todos aqueles compoñentes software, accións, razoamentos, habilidades, procesos ou documentos desenvolvidos como parte das actividades obxecto da prestación do servizo.

- Deberá cuantificar os recursos precisos para a realización da transferencia de coñecementos e tecnolóxica.
- Terá que definir o plan de asunción de responsabilidades e xestión de conflitos no proceso de transición e devolución do servizo.
- Establecerase un plan de entrega de:
 - Coñecemento. Determinación do número e sesións de traspaso/devolución de coñecemento.
 - Documentación. Definición da documentación achegada. Prazos de entrega. Planificación e tipoloxía das sesións de transferencia/devolución.
 - Servizo. Establecemento das condicións do plan de traspaso/devolución do servizo incluíndo o plan de comunicación ao usuario.
- O prazo de transferencia do coñecemento será durante a vixencia do contrato e o período establecido para a garantía dos traballos
- A empresa adxudicataria terá a obriga de realizar transferencias de coñecemento durante o prazo establecido no punto anterior.

[252]. O PG ten a potestade de solicitar modificacións na documentación entregada no caso que considere que existen defectos ou erros nela.

[253]. Os licitadores deben presentar un plan detallado de transición e devolución do servizo.